

OPORTUNIDADES


LABORAL

GALICIA



2009

XUNTA DE GALICIA



Estudo do mercado laboral. Galicia 2009

EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Marisa Mallo Fernández
María José Cortés Jiménez

EQUIPO TÉCNICO:

Mar Martínez Besada
Ricardo Fernández López
Berta Martínez Seijo
Esther Sánchez González
M^a Belén Yañez Barge
Tomás González Mouriño
Juan Cirilo Arnosa Casal
Eva Uriach Masgoret
Rosa M^a Fernández Fernández

EQUIPO AUXILIAR:

M^a Jesús Iglesias Ferreiro
Marta López Fernández
Francisco de Cal Pose
M^a José Porto Pardiñas

DESEÑA E IMPRIME:

Plana Artes Gráficas, S.L. (Santiago)

DEPÓSITO LEGAL:

C 3329-2008

ISSN:

1579 - 5675



O Instituto Galego das Cualificacións presenta, un ano máis, o Informe de mercado laboral, que forma parte dos estudos prospectivos do Observatorio Ocupacional. Os datos que ofrece este informe tratan de reflectir a situación da realidade que configura o mercado de traballo cunha mirada ao presente, pero tamén considerando de forma retrospectiva a tendencia e a evolución dos últimos anos. A información que pode atopar o usuario deste informe parte dun panorama da poboación en xeral, así como da situación económica e laboral dos traballadores e das empresas, para facer unha análise dos distintos indicadores socioeconómicos implicados e dos cambios que se veñen producindo nos sectores e actividades económicas.

O actual escenario internacional de recesión económica e de crise financeira na que se enmarca a economía española, así como o drástico axuste que ten lugar no mercado inmobiliario, debuxan un panorama radicalmente diferente ao de anos anteriores. Isto afectou tamén o mercado laboral galego, que está a padecer as consecuencias da crise desde a segunda metade de 2008. Os efectos desta crise son xeneralizados, pero hai colectivos que sofren as súas repercusións en maior medida, como é o caso da poboación xuvenil, que arrastra deficiencias estruturais que o fan especialmente vulnerable ante a inestabilidade do mercado laboral.

Máis que nunca, cómpre aplicar políticas de emprego eficaces que optimicen a eficiencia do mercado laboral e eliminen as trabas que impiden o seu axeitado funcionamento, xunto ao desenvolvemento de políticas activas que incentiven a creación de emprego e avoguen por favorecer a empregabilidade dos colectivos máis afectados polo fenómeno do desemprego.

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar



1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- Contido, metodoloxía e fontes de información

- 1.1.1.- Perfil socioeconómico
- 1.1.2.- Tecido empresarial
- 1.1.3.- Paro rexistrado
- 1.1.4.- Contratos
- 1.1.5.- Formación

1.2.- Definicións e taxas

2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

2.1.- Perfil sociodemográfico

- 2.1.1.- Poboación
- 2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

2.2.- Tecido empresarial

- 2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2009
- 2.2.2.- Evolución do número de empresas
- 2.2.3.- Evolución do número de traballadores
- 2.2.4.- Evolución do número de autónomos
- 2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores
- 2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores
- 2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores

2.3.- Paro rexistrado

- 2.3.1.- Parados rexistrados por xénero
- 2.3.2.- Parados rexistrados por provincia
- 2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado
- 2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado
- 2.3.5.- Parados rexistrados por idade e xénero
- 2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade
- 2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo
- 2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo
- 2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda
- 2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda
- 2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia
- 2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia
- 2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación
- 2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación
- 2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas
- 2.3.16.- Perfil tipo do demandante parado en Galicia
- 2.3.17.- Perfil tipo da demandante parada en Galicia

2.4.- Contratos

- 2.4.1.- Contratos realizados por xénero
- 2.4.2.- Contratos realizados por provincia
- 2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por xénero
- 2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos
- 2.4.5.- Evolución mensual demandantes parados e contratados
- 2.4.6.- Contratos por idade e xénero
- 2.4.7.- Evolución anual dos contratos por idade
- 2.4.8.- Contratos por nivel formativo
- 2.4.9.- Evolución anual dos contratos por nivel formativo
- 2.4.10.- Contratos por tipoloxía
- 2.4.11.- Evolución anual dos contratos por tipoloxía
- 2.4.12.- Índice de rotación
- 2.4.13.- Mobilidade dos contratados por xénero en Galicia
- 2.4.14.- Contratos por sector económico
- 2.4.15.- Evolución anual dos contratos por sector de actividade
- 2.4.16.- Contratos por gran grupo de ocupación
- 2.4.17.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación
- 2.4.18.- As dez ocupacións máis contratadas
- 2.4.19.- Perfil do tipo do contratado en Galicia
- 2.4.20.- Perfil do tipo da contratada en Galicia

2.5.- Formación

- 2.5.1.- Número de cursos e alumnos que participaron na formación para desempregados no ano 2009
- 2.5.2.- Cursos impartidos e alumnos por familia profesional e provincia

3.- COLECTIVOS

3.1.- Mulleres

- 3.1.1.- Datos demográficos
- 3.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.1.3.- Afiliacións
- 3.1.4.- Demandantes paradas
- 3.1.5.- Contratación

3.2.- Menores de 30 anos

- 3.2.1.- Datos demográficos
- 3.2.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.2.3.- Afiliacións
- 3.2.4.- Demandantes parados menores de 30 anos
- 3.2.5.- Contratación menores de 30 anos

3.3.- Maiores de 54 anos

- 3.3.1.- Datos demográficos
- 3.3.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.3.3.- Afiliacións
- 3.3.4.- Demandantes parados maiores de 54 anos
- 3.3.5.- Contratación maiores de 54 anos

3.4.- Estranxeiros

- 3.4.1.- Datos demográficos
- 3.4.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.4.3.- Afiliacións
- 3.4.4.- Demandantes parados estranxeiros
- 3.4.5.- Contratación de estranxeiros

4.- CONCLUSIÓNS

Introducción

...



1.- INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego das Cualificacións é unha unidade adscrita á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo e Benestar, segundo queda establecido no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

O Instituto Galego das Cualificacións conta con dúas unidades con nivel orgánico de servizos: o Servizo de Observatorio Ocupacional e o Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións.

No ámbito da observación ocupacional, o instituto ten encomendadas, entre outras, a función de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. Así mesmo pretende achegar datos de referencia que sirvan para encadrar as características propias do noso mercado laboral nun contexto máis amplo que ilustre sobre as tendencias fundamentais cara o futuro. Con esta perspectiva, planeouse esta análise da realidade laboral de Galicia que anualmente reflicte os datos máis salientables do noso tecido produtivo e a situación laboral dos seus principais actores.

O *Estudo do mercado laboral, Galicia 2009* é unha publicación comprendida dentro dunha serie iniciada no ano 2004, e segue un esquema semellante ao realizado en períodos precedentes co fin de dar continuidade a estes informes elaborados con carácter anual, analizando e proporcionando información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución, para adaptar as cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non cabe dúbida de que, tanto os organismos, coma as entidades implicadas nas tarefas de deseñar e desenvolver actuacións de emprego e formación na nosa comunidade autónoma, necesitan dispor de estudos que faciliten coñecementos sobre a estrutura e o comportamento do mercado de traballo galego.

Con este propósito, elabórase o presente informe, que confiamos en que constitúa un instrumento de consulta para todas aquelas persoas, profesionais ou non do ámbito laboral, que desexen acceder a unha información que nos achegue ao coñecemento das características do noso contorno e á realidade do mercado de traballo en Galicia, a través da análise das principais variables que determinan o mercado de traballo, é dicir, do tecido empresarial e laboral, da demanda e da contratación, e tamén a formación a desempregados.

Como novidade, respecto á edición anterior, introducimos uns apartados cos principais trazos que caracterizan a situación laboral dos colectivos mulleres, mozos menores de 30 anos, maiores de 54 anos e estranxeiros.

Os obxectivos fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes.

- Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da comunidade autónoma galega, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- Mostrar a evolución temporal dos últimos cinco anos dos distintos parámetros seleccionados segundo a súa idoneidade en cada caso.

Estes dous obxectivos concretos pódense agrupar nunha pretensión xeral, que é a *de informar acerca da realidade sociolaboral galega, dende a valoración que se pode extraer do Servizo Público de Emprego da nosa comunidade autónoma, para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

1.1.- CONTIDO, METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, o paro, os contratos e a formación ocupacional. A información presentada en cada un destes bloques é o resultado dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- A determinación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- A explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

Nos seguintes apartados expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

□□□ 1.1.1.- Perfil sociodemográfico

Neste bloque óptase por facer unha primeira aproximación aos datos de poboación activa, parada e ocupada do ano 2009, debido a que tanto os datos para a nosa comunidade autónoma como as definicións e a metodoloxía están contidas na Enquisa de Poboación Activa (EPA) que publica o Instituto Galego de Estatística.

1.1.2.- Tecido produtivo

Neste punto resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos, na actualidade e ao longo dos últimos cinco anos. A información utilizada neste estudo orixínase a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego; porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos, e porque tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Os datos ofrécese a través de táboas e gráficos estruturados segundo dúas epígrafes: unha dedicada á situación actual das citadas variables e outra sobre a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada debido á posibilidade de converxer varias contas nunha mesma empresa. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, pois, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas os que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo a epígrafe de “traballadores”, os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar descontinuos. Así, os autónomos inclúen só os traballadores pertencentes a este réxime especial.

□ □ □ 1.1.3.- Paro rexistrado

O estudo do paro rexistrado do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos parados de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de parados existente en Galicia co propósito de indagar os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

O colectivo de parados refírese exclusivamente a todas as persoas de 16 e máis anos que se atopan sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego, e enténdese por paro rexistrado o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo Servizo Público de Emprego existente o último día de cada mes, excluindo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.

Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

A información utilizada no estudo do paro provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros.

Por outra banda, a información da demanda completouse con datos evolutivos para posibilitar a comparación temporal destes.

□ □ □ 1.1.4.- Contratos

O estudo dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da comunidade autónoma durante o ano 2009, utilizando para a súa análise a base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa comunidade autónoma. Esta caracterización inclúe distintos apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2005 ao 2009.

□ □ □ 1.1.5.- Formación ocupacional

A análise da formación ocupacional, utilizando para o seu estudo a base de datos do Sistema de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar, ofrece o número

de cursos impartidos, nas accións formativas para desempregados, e o de alumnos formados no ano 2009, por familias profesionais e por provincias, o que nos daría unha mostra das familias profesionais nas que maior formación se recibe e o ámbito territorial onde se imparte esta.

1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS

Poboación economicamente activa: é o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. A poboación economicamente activa divídese en ocupada e parada.

Inactivos: a poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia, entre as que se atopan principalmente os estudantes, persoas que se ocupan do seu fogar, xubilados ou prexubilados, pensionistas, incapacitados para traballar ou outras situacións semellantes.

Ocupados: son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Parados: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para se estableceren pola súa conta durante o mes precedente.

Taxa de actividade: é o cociente entre o número total de activos e a poboación total.

Taxa de paro: é o cociente entre o número de parados e o de activos.

Taxa de ocupación: representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación en idade laboral.

As **taxas** utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

Variación interanual: é igual ao número de contratos do ano x menos as do ano anterior $x-1$, dividido polo número de contratos do $x-1$ e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 08-09 obteríase do seguinte xeito¹:

$$\% \text{ Var. interanual}_{08-09} = \frac{C_{09} - C_{08}}{C_{08}} \times 100$$

Calcularíamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

Variación media anual: obtense da fórmula do xuro composto. Se lle chamamos C_{2009} e C_{2007} ao número de contratos nos anos 2008 e 2006, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte²:

$$\% \text{ VMA} = \left(\sqrt[2]{\frac{C_{2009}}{C_{2007}}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restar 1 ao número de anos dos cales se pretende calcular a media, neste caso $3-1 = 2$, o que implica unha *raíz cadrada*)

Obteríamos deste xeito o crecemento medio acadado nos tres anos estudados³.

⁽¹⁾ Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

⁽²⁾ Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

⁽³⁾ Os exemplos citados fan referencia á parte dos contratos, aínda que serían igualmente válidos para explicar os diferentes apartados do estudo. Só deberíamos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación media se calcularía como unha raíz cuarta.

CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase na CNAE 09.

Nalgúns apartados aparecen táboas co CNAE- 09 estruturado cun nivel consistente en rúbricas identificadas mediante un código numérico de dúas cifras e noutros as actividades do CNAE 09 agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión de táboas e gráficos.

2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

2.2. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

2.1.1.- Poboación

Segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes en 1 de xaneiro de 2009, a poboación total de Galicia era de 2.796.089 habitantes (dos cales o 51,73% eran mulleres e o 48,27% homes), o que supón o 5,98% da poboación total do Estado.

Respecto ao ano anterior, o crecemento da poboación foi de 11.920 persoas (0,42%), cifra moi similar á obtida en 2008, o que nos indica que a poboación de Galicia está practicamente estancada.

	Total	Homes	Mulleres	% Homes	% Mulleres
GALICIA	1.446.486	1.349.603	2.796.089	51,73	48,27
ESPAÑA	23.628.819	23.116.988	46.745.807	50,55	49,45

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes

Por outra banda, a poboación estranxeira alcanza o número de 106.637 persoas (53.721 son homes e 52.916 mulleres), representando o 3,81% da poboación total da nosa comunidade e aumentando respecto a 2008 en 11.069 persoas, feito que sitúa este colectivo cun saldo positivo importante, o que converte a inmigración nun elemento básico na contribución ao aumento da poboación total de Galicia.


Poboación por xénero e grupos quinquenais de idade. Ano 2009. Galicia

	Total	Homes	Mulleres
Total	2.796.089	1.349.603	1.446.486
0-4	109.480	56.575	52.905
5-9	104.987	54.083	50.904
10-14	103.642	53.310	50.332
15-19	123.863	63.650	60.213
20-24	149.551	76.086	73.465
25-29	197.456	100.041	97.415
30-34	230.829	116.309	114.520
35-39	219.049	109.668	109.381
40-44	211.546	105.173	106.373
45-49	201.879	100.264	101.615
50-54	186.827	92.312	94.515
55-59	172.946	85.012	87.934
60-64	172.213	83.018	89.195
65-69	142.651	66.886	75.765
70-74	146.747	65.464	81.283
75-79	138.410	58.215	80.195
80-84	96.784	36.876	59.908
85 e máis	87.229	26.661	60.568

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Extraído de <http://www.ine.es>

Tal como amosa a táboa anterior, hai máis nacementos de nenos que de nenas, e a proporción de homes é lixeiramente superior á de mulleres ata aproximadamente os 40 anos. A partir de aquí, son as mulleres as que predominan, aínda que con cifras bastante similares, ata a idade de 65 anos. Pero, a medida que esta idade avanza, os desequilibrios dispáranse, sendo a proporción das mulleres moi superior á dos homes, especialmente nos últimos tramos de idade.

Pirámide de poboación de Galicia no ano 2009



Os datos demográficos contidos na táboa anterior reflíctense na pirámide de poboación de Galicia, a cal presenta, en termos xerais, unha base estreita (nacen poucos nenos) que se anchea nas idades centrais, cun número de homes e mulleres bastante equilibrado, ata chegar a idades avanzadas, onde o número de mulleres maiores é moi superior ao de homes, configurando unha cúspide moi ancha, con cifras semellantes ás dos tramos de idade que conforman a base da pirámide. Isto evidencia, por un lado, que a comunidade galega sofre un envellecemento moito máis pronunciado que o conxunto do Estado e, por outro, que dentro do grupo de persoas anciás o índice de mulleres é moi superior ao dos homes, chegando a duplicar as cifras, o que nos indica que a poboación feminina conta con maior esperanza de vida.

□□□ 2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

A continuación amósanse as características da Enquisa de Poboación Activa elaborada polo INE (poboación activa, parada e ocupada). Hai que ter en conta que a EPA proporciona estimacións a partir dunha enquisa e, polo tanto, non se trata de datos exactos.

Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. Galicia

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de ocupación		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
2009TIV	54,79	62,14	48,07	12,88	11,87	14,07	47,73	54,76	41,3
2009TIII	55,06	62,53	48,22	12,35	11,52	13,34	48,26	55,33	41,79
2009TII	55,23	62,23	48,81	12,93	12,27	13,7	48,08	54,6	42,13
2009TI	55,75	63,08	49,05	12,22	11,39	13,2	48,94	55,9	42,57
2008TIV	55,44	63,31	48,23	9,74	8,77	10,91	50,04	57,76	42,97
2008TIII	55,56	63,84	47,98	8,47	6,98	10,29	50,85	59,38	43,05
2008TII	54,87	63,7	46,79	8,33	6,42	10,71	50,3	59,61	41,78
2008TI	54,41	63,91	45,72	8,35	7,41	9,54	49,87	59,17	41,35

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.
Metodoloxía EPA 2005

Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. España

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de ocupación		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
2009TIV	59,76	68,14	51,7	18,83	18,64	19,07	48,5	55,44	41,84
2009TIII	59,81	68,44	51,51	17,93	17,75	18,16	49,09	56,29	42,15
2009TII	60,06	68,89	51,55	17,92	17,62	18,31	49,29	56,75	42,11
2009TI	60,15	69,11	51,51	17,36	16,86	18,01	49,7	57,46	42,23
2008TIV	60,13	69,21	51,38	13,91	12,96	15,14	51,77	60,24	43,6
2008TIII	59,95	69,81	50,46	11,33	10,32	12,66	53,16	62,6	44,07
2008TII	59,76	69,64	50,25	10,44	9,07	12,28	53,52	63,32	44,08
2008TI	59,35	69,32	49,73	9,63	7,87	11,99	53,63	63,87	43,77

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.
Metodoloxía EPA 2005

□ □ A **taxa de actividade** de Galicia durante o ano 2009 foi decrecendo en todos os trimestres ata situarse no último trimestre no 54,79%, reducíndose ao longo do ano 2009 nun -0,96%.

Por sexo tamén se reduciu, no caso dos homes nun 0,94% e no das mulleres nun 0,98%, pero a taxa de actividade das mulleres segue a ser moi inferior á dos homes (48,07% e 62,14% respectivamente), rematando o ano cunha diferenza de 14,07 puntos a favor dos homes.

No Estado a poboación activa comportouse de maneira moi similar á de Galicia, é dicir, descenso paulatino ao longo dos catro trimestres (-0,39%), situándose cara a final de ano no 59,76%. Tamén a taxa de actividade masculina diminuíu nos últimos trimestres do ano, quedando no 68,14%; pola contra, a taxa feminina aumentou lixeiramente no último período do ano, situándose no 51,7%, o que significa que estaba 6,44 puntos por debaixo da masculina.

Se comparamos as taxas de actividade de Galicia coas de España, vemos como a nosa comunidade saíu desfavorecida, pois no último trimestre púxose en 4,97 puntos por debaixo da española. No caso dos homes, a diferenza é aínda maior, situándose a do Estado en 6 puntos por riba da de Galicia, mentres que a das mulleres era de 3,63 puntos.

□ □ A **taxa de paro** en Galicia medrou; se se compara cos datos do ano anterior, a subida foi de arredor de 4 puntos, situándose no último trimestre de 2009 en 12,88%.

Por sexo, o comportamento foi moi parecido ao descrito no parágrafo anterior; os homes cerran o ano cunha taxa de paro de 11,87% mentres que a taxa das mulleres chegou a acadar o 14,07%.

A taxa de paro en España, que é sensiblemente superior á da nosa comunidade, tampouco deixou de aumentar ao longo de 2009, rexistrando unha cifra do 18,83% no último trimestre, o que supuxo colocarse 6 puntos por riba da galega.


No caso do paro masculino estatal, a taxa era de 18,64% e no feminino superaba o 19%.

□ □ A **taxa de emprego** de Galicia cara á fin do ano 2009 foi do 47,73%, baixando algo máis de 2 puntos desde o último trimestre de 2008. A taxa de emprego masculino ao longo do mesmo período tamén baixou, quedando no 54,76%. A taxa feminina tamén sufriu un descenso, quedando no 41,3%, o que supón unha diferenza de 13,46 puntos entre ambos os dous sexos.


No Estado, a taxa de emprego tamén experimentou unha redución de 1,2 puntos ao longo do ano, quedando no 48,5% no último trimestre. Por sexo, a taxa de emprego masculina foi do 55,44% e a feminina do 41,84%; ambas as dúas taxas baixaron ao longo do ano, pero seguiu se mantendo a diferenza entre ambos os dous sexos en 13,60 puntos.

Se comparamos a taxa de emprego de España coa de Galicia, vemos como a de España é superior á de Galicia en apenas un punto, diferenza que se reduciu respecto a anos anteriores.


Taxa de actividade



Taxa de paro



Taxa de emprego



2.2. TECIDO PRODUTIVO


2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2009

	Autónomos	%	Empresas	%	Traballadores	%
A CORUÑA	89.829	39,82	45.361	39,67	333.815	42,62
LUGO	39.261	17,41	15.217	13,31	87.812	11,21
OURENSE	27.219	12,07	13.212	11,55	79.675	10,17
PONTEVEDRA	69.261	30,70	40.564	35,47	281.847	35,99
TOTAL	225.570	100	114.354	100	783.149	100

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social
Datos absolutos. Porcentaxes

Ao redor das tres cuartas partes dos autónomos galegos (70,52%) concéntranse nas provincias atlánticas; o mesmo acontece coas empresas e co número de traballadores. Destas dúas provincias, a da Coruña supera lixeiramente a de Pontevedra.

Tecido produtivo




□□□ 2.2.2.- Evolución do número de empresas

	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
A CORUÑA	46.017	46.809	47.804	47.005	45.361	792	1,72	995	2,13	-799	-1,67	-1.644	-3,50	-0,36
LUGO	15.246	15.477	15.682	15.522	15.217	231	1,52	205	1,32	-160	-1,02	-305	-1,96	-0,05
OURENSE	13.366	13.523	13.687	13.476	13.212	157	1,17	164	1,21	-211	-1,54	-264	-1,96	-0,29
PONTEVEDRA	42.326	43.279	44.104	42.690	40.564	953	2,25	825	1,91	-1.414	-3,21	-2.126	-4,98	-1,06
TOTAL	116.955	119.088	121.277	118.693	114.354	2.133	1,82	2.189	1,84	-2.584	-2,13	-4.339	-3,66	-0,56

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Ata o ano 2007 rexistrouse un aumento progresivo das empresas en todas as provincias, pero a partir de 2008 este comportamento viuse interrompido ao rexistrarse unha caída do número de empresas, de maneira máis acusada no ano 2009. En canto ao ámbito xeográfico, a redución produciuse nas catro provincias, sendo a de Pontevedra a provincia que resultou máis afectada pola redución de empresas, cunha variación media anual do -1,06%.

Evolución do número de empresas



2.2.3.- Evolución do número de traballadores


	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
A CORUÑA	340.195	356.232	367.265	342.841	333.815	16.037	4,71	11.033	3,10	-24.424	-6,65	-9.026	-2,63	-0,47
LUGO	103.172	106.571	108.739	89.455	87.812	3.399	3,29	2.168	2,03	-19.284	-17,73	-1.643	-1,84	-3,95
OURENSE	81.761	84.874	87.403	81.123	79.675	3.113	3,81	2.529	2,98	-6.280	-7,19	-1.448	-1,78	-0,64
PONTEVEDRA	291.891	306.081	316.396	294.267	281.847	14.190	4,86	10.315	3,37	-22.129	-6,99	-12.420	-4,22	-0,87
Total	817.019	853.758	879.803	807.686	783.149	36.739	4,50	26.045	3,05	-72.117	-8,20	-24.537	-3,04	-1,05

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

En canto á evolución do número de traballadores, o comportamento foi moi similar ao das empresas; nos anos 2006 e 2007 o número de traballadores medrou, pero a partir de 2008 produciuse un descenso nas catro provincias, destacando especialmente a provincia de Lugo, cunha redución do -17,73% no ano 2008. No ano 2009 tamén se perderon traballadores nas catro provincias, aínda que se rexistran cifras moi inferiores ás do ano anterior, sobre todo en Lugo.

Para explicar ese salto nos datos de afiliación, hai que ter en conta os cambios que se produciron na Seguridade Social, onde a partir de xaneiro de 2008 desapareceu o réxime especial agrario por conta propia e os seus afiliados integráronse no réxime especial de autónomos.

Evolución do número de traballadores




2.2.4.- Evolución do número de autónomos

	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
A CORUÑA	74.041	75.902	77.804	92.772	89.829	1.861	2,51	1.902	2,51	14.968	19,24	-2.943	-3,17	4,95
LUGO	23.310	23.742	24.139	40.648	39.261	432	1,85	397	1,67	16.509	68,39	-1.387	-3,41	13,92
OURENSE	23.756	24.127	24.344	28.082	27.219	371	1,56	217	0,90	3.738	15,35	-863	-3,07	3,46
PONTEVEDRA	62.629	64.233	65.800	71.711	69.261	1.604	2,56	1.567	2,44	5.911	8,98	-2.450	-3,42	2,55
Total	183.736	188.004	192.087	233.213	225.570	4.268	2,32	4.083	2,17	41.126	21,41	-7.643	-3,28	5,26

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

O número de autónomos aumentou progresivamente ata o ano 2008, sendo o incremento deste último ano verdadeiramente espectacular na provincia de Lugo, aínda que todo apunta a que este salto nas cifras estivo vinculado aos cambios na Seguridade Social expostos no punto anterior. No ano 2009 o número de autónomos diminúe de forma significativa e con porcentaxes moi parecidas nas catro provincias, arredor do 3%.

Evolución do número de autónomos



2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores


	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	6.269	6.247	6.322	6.356	5.920	-22	-0,35	75	1,20	34	0,54	-436	-6,86	-1,42
S. SECUNDARIO	11.793	11.621	11.740	11.095	10.480	-172	-1,46	119	1,02	-645	-5,49	-615	-5,54	-2,91
S. CONSTRUCCIÓN	16.701	17.050	17.404	15.476	14.536	349	2,09	354	2,08	-1.928	-11,08	-940	-6,07	-3,41
S. SERVICIOS	82.188	84.170	85.811	85.766	83.414	1.982	2,41	1.641	1,95	-45	-0,05	-2.352	-2,74	0,37
SEN ACTIVIDADE	4	0	0	0	4	-4	-100	0	0,00	0	0,00	4	0,00	0,00
TOTAL	116.955	119.088	121.277	118.693	114.354	2.133	1,82	2.189	1,84	-2.584	-2,13	-4.339	-3,66	-0,56

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

En relación co número de empresas por sectores, os datos amosan que no ano 2006 se rexistrou un descenso do número de empresas nos sectores primario e secundario; pola contra, en 2007 produciuse un incremento das empresas en todos os sectores, pero o comportamento do ano 2008 foi ben diferente: todos os sectores perderon empresas, coa excepción do sector primario, aínda que esta caída non afectou por igual a todos, sendo a construción a máis prexudicada, coa perda de 1.928 empresas (-11,08%). No ano 2009 o comportamento foi similar: perdéronse empresas en todos os sectores, finalizando o ano con 4.339 empresas menos, o que supuxo, en termos porcentuais un -3,66% menos que o ano anterior.

No que respecta á variación media interanual no período 2005/09, o único sector que rexistrou unha porcentaxe positiva foi o sector servizos (0,37%), mentres que o sector da construción rexistrou a maior porcentaxe negativa (-3,41%).

Evolución do número de empresas por sectores



2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores


	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	87.632	84.497	80.550	33.145	30.614	-3.135	-3,58	-3.947	-4,67	-47.405	-58,85	-2.531	-7,64	-23,12
S. SECUNDARIO	144.649	149.513	158.580	147.137	137.373	4.864	3,36	9.067	6,06	-11.443	-7,22	-9.764	-6,64	-1,28
S. CONSTRUCCIÓN	95.920	101.768	103.172	87.512	79.065	5.848	6,10	1.404	1,38	-15.660	-15,18	-8.447	-9,65	-4,72
S. SERVICIOS	488.813	517.980	537.501	539.892	530.044	29.167	5,97	19.521	3,77	2.391	0,44	-9.848	-1,82	2,05
SEN ACTIVIDADE	5	0	0	0	6.053	-5	-100	0	0,00	0	0,00	6.053	0,00	0,00
TOTAL	817.019	853.758	879.803	807.686	783.149	36.739	4,50	26.045	3,05	-72.117	-8,20	-24.537	-3,04	-1,05

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

O número de traballadores no sector primario diminuíu ao longo de todo o período 2005-2009. No resto dos sectores produciuse un aumento ata o ano 2007. En 2008 os resultados tamén son negativos para os sectores secundario e construción: perderon 11.443 e 15.660 traballadores respectivamente, mentres que o sector servizos rexistrou un aumento de 2.391 traballadores. O comportamento do sector servizos ao longo de 2009 cambiou, por primeira vez cae o emprego (-9.848 traballadores); os demais sectores tamén perderon traballadores, destacando a construción cunha porcentaxe de -9,65%, sendo este mesmo sector o que rexistra a variación media anual máis negativa (-4,72%), agás o sector primario, pero este foi un caso particular debido aos xa comentados cambios nos réximes da Seguridade Social.

Por último, cómpre sinalar que a causa dos 6.053 afiliados que aparecen sen actividade no ano 2009 é moi probable que estea vinculada a que nese ano entrou en vixencia unha nova clasificación nacional de actividades (CNAE-2009).

Evolución do número de traballadores por sectores



2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores

	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	3.335	3.656	3.962	46.828	43.030	321	9,63	306	8,37	42.866	1081,93	-3.798	-8,11	89,53
S. SECUNDARIO	16.249	16.304	16.262	16.258	15.519	55	0,34	-42	-0,26	-4	-0,02	-739	-4,55	-1,14
S. CONSTRUCCIÓN	30.146	31.742	33.570	32.917	32.132	1.596	5,29	1.828	5,76	-653	-1,95	-785	-2,38	1,61
S. SERVICIOS	133.784	136.289	138.281	137.204	134.889	2.505	1,87	1.992	1,46	-1.077	-0,78	-2.315	-1,69	0,21
SEN ACTIVIDADE	222	13	12	6	0	-209	-94,14	-1	-7,69	-6	-50	-6	-100	-100
TOTAL	183.736	188.004	192.087	233.213	225.570	4.268	2,32	4.083	2,17	41.126	21,41	-7.643	-3,28	5,26


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Na evolución do número de autónomos no período 2005-2009, os datos amosan o diferente comportamento dependendo do sector ou do ano. Así, en 2006 e 2007 os autónomos aumentaron, agás o sector secundario. No ano 2008 todos os sectores diminuíron, especialmente a construción, agás o sector primario, que aumentou espectacularmente; isto, sen dúbida, está vinculado á diminución de traballadores neste mesmo sector, o que se explicaría cos cambios, xa comentados, que se produciron na Seguridade Social.

Por último, no ano 2009 rexistrouse unha mingua no número de autónomos en todos os sectores, sendo o máis afectado, en termos relativos, o sector secundario, que perde 739 autónomos, o que supuxo un -4,55% menos que o ano anterior.

En canto á variación media anual, o sector que tivo a porcentaxe máis negativa foi o da construción, co -1,61%.

Evolución do número de autónomos por sectores



2.3. PARO REXISTRADO

Neste apartado analízanse os datos dos demandantes parados rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia.


□□□ 2.3.1.- Parados rexistrados por xénero

	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	103.487	119.352	222.839
ESPAÑA	2.012.536	1.911.067	3.923.603

A cifra de desempregados en 31 de decembro de 2009 rexistrados nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia ascendía a 222.839 persoas, das que 103.487 (46,44%) eran homes e 119.352 (53,56%) eran mulleres. Tal como acontecía en anos anteriores, a maior porcentaxe das persoas paradas aparece no colectivo das mulleres, aínda que as distancias se reduciron en relación cos anos anteriores.

Atendendo á evolución anual, os desempregados aumentaron en 32.936 persoas respecto ao ano 2008, o que supuxo un aumento en termos porcentuais do 17,34%.

Parados rexistrados por xénero. Galicia 2009




2.3.2.- Parados rexistrados por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	41.461	40,06	48.133	40,33	89.594	40,21
LUGO	10.565	10,21	10.603	8,88	21.168	9,50
OURENSE	11.334	10,95	13.534	11,34	24.868	11,16
PONTEVEDRA	40.127	38,77	47.082	39,45	87.209	39,14
TOTAL GALICIA	103.487	100	119.352	100	222.839	100

En relación co número de parados por provincia, poucas variacións se produciron respecto aos anos anteriores. A da Coruña foi a que achegou maior número de parados (40,21%), seguida da provincia de Pontevedra (39,14%), englobando estas dúas provincias case o 80% da totalidade dos parados de Galicia.

Parados rexistrados por provincia (2009)




2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado

	31/12/2005	31/12/2006	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
HOMES	69.155	60.245	59.090	83.966	103.487	-8.910	-12,88	-1.155	-1,92	24.876	42,10	19.521	23,25	10,60
MULLERES	109.521	100.421	95.892	105.937	119.352	-9.100	-8,31	-4.529	-4,51	10.045	10,48	13.415	12,66	2,17
TOTAL GALICIA	178.676	160.666	154.982	189.903	222.839	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	5,68

O paro rexistrado nos últimos cinco anos presenta un balance marcado por un descenso no número de parados nos anos 2006 e 2007 e por un aumento nos anos 2008 e 2009, especialmente no que se refire ao colectivo de homes, que foi o que máis medrou, un 42,10% en 2008 e un 23,25% en 2009. Tamén foi este mesmo colectivo o que experimentou a variación media anual máis alta, co 10,60%, mentres que a das mulleres foi do 2,17%.

Evolución anual do paro rexistrado




2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado

Data	Homes	Mulleres	Total	Variación			% Variación		
				Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
31/12/2008	83.966	105.937	189.903						
31/01/2009	89.558	111.758	201.316	5592	5.821	11.413	6,66	5,49	6,01
28/02/2009	92.615	113.955	206.570	3057	2.197	5.254	3,41	1,97	2,61
31/03/2009	94.580	116.904	211.484	1.965	2.949	4.914	2,12	2,59	2,38
30/04/2009	94.243	116.419	210.662	-337	-485	-822	-0,36	-0,41	-0,39
31/05/2009	92.539	114.979	207.518	-1.704	-1.440	-3.144	-1,81	-1,24	-1,49
30/06/2009	89.562	110.678	200.240	-2.977	-4.301	-7.278	-3,22	-3,74	-3,51
31/07/2009	86.079	106.780	192.859	-3.483	-3.898	-7.381	-3,89	-3,52	-3,69
31/08/2009	86.467	108.774	195.241	388	1.994	2.382	0,45	1,87	1,24
30/09/2009	88.616	111.849	200.465	2.149	3.075	5.224	2,49	2,83	2,68
31/10/2009	93.127	115.796	208.923	4.511	3.947	8.458	5,09	3,53	4,22
30/11/2009	97.861	118.967	216.828	4.734	3.171	7.905	5,08	2,74	3,78
31/12/2009	103.487	119.352	222.839	5.626	385	6.011	5,75	0,32	2,77


Se atendemos á evolución mensual do paro ao longo do ano 2009, vemos como o ano arrancou cun aumento de 11.413 persoas (6,01%) respecto ao mes de decembro, o que converteu xaneiro no peor mes de todo o ano en canto a cifras de desemprego, aumento que tamén se deixou sentir nos meses de febreiro e marzo, aínda que en menor medida. Pola contra, nos meses de abril a xullo experimentouse un descenso das persoas paradas como consecuencia do período estival, pero a partir de agosto a caída do emprego foi continua.

Atendendo ao comportamento por sexo, poucas diferenzas hai. O aumento ou descenso dos parados produciuse nos mesmos meses para ambos os dous sexos, pero nos meses onde aumenta o paro as porcentaxes son superiores para o colectivo masculino en case todos os meses, especialmente cara ao final do ano.

Evolución mensual do paro rexistrado por xénero



Evolución mensual do paro rexistrado por xénero




2.3.5.- Parados rexistrados por idade e xénero

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
≤25	15.923	15,39	12.912	10,82	28.835	12,94
26 a 35	29.055	28,08	33.459	28,03	62.514	28,05
36 a 45	22.599	21,84	30.482	25,54	53.081	23,82
46 a 55	19.826	19,16	24.800	20,78	44.626	20,03
≥56	16.084	15,54	17.699	14,83	33.783	15,16
Total	103.487	100	119.352	100	222.839	100

Atendendo á distribución dos parados por idade e sexo, o tramo de 26 a 35 anos foi o que representou o maior número de parados, concretamente 62.514 persoas, o que supuxo o 28,05%, seguido do grupo de 36 a 45 anos, que representou o 23,82%, concentrando estes dous tramos máis da metade dos parados de Galicia.

Se a análise se fai por sexo, a situación é moi semellante, sendo estes mesmos tramos os que englobaron a maioría de parados, tanto no caso dos homes como no das mulleres, mostrando unhas porcentaxes moi similares.

Parados rexistrados por idade e sexo




2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade

	31/12/2005	31/12/2006	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	2006	% variación	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	V.M. anual
≤25	27.059	21.634	19.267	23.991	28.835	-5.425	-20,05	-2.367	-10,94	4.724	24,52	4.844	20,19	1,60
26 a 35	50.489	43.029	40.097	52.025	62.514	-7.460	-14,78	-2.932	-6,81	11.928	29,75	10.489	20,16	5,49
36 a 45	39.898	36.144	34.912	44.169	53.081	-3.754	-9,41	-1.232	-3,41	9.257	26,52	8.912	20,18	7,40
46 a 55	34.694	32.881	32.920	38.881	44.626	-1.813	-5,23	39	0,12	5.961	18,11	5.745	14,78	6,50
≥56	26.536	26.978	27.786	30.837	33.783	442	1,67	808	3,00	3.051	10,98	2.946	9,55	6,22
Total	178.676	160.666	154.982	189.903	222.839	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	5,68

Mentres que ata o ano 2007 o paro diminuíu en todos os tramos de idade, agás o grupo de 56 anos en diante, a partir do ano 2008 o número de parados experimentou un comportamento ben diferente. Aumentou considerablemente o intervalo de 26 a 35 anos ao longo de 2008, seguido polo colectivo de 36 a 45 anos. No ano 2009 tamén se produciu un incremento do paro en todos os tramos de idade; nos menores de 46 anos esta subida foi de arredor do 20% respecto ao ano anterior, mentres que nos maiores de 45 anos o incremento do desemprego foi algo menor.

Se atendemos á variación media anual, o tramo de idade que saíu peor parado foi o de 36 a 45 anos, co 7,40%.

Evolución anual dos parados rexistrados por idade




2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
Ata certificado de escolaridade	44.637	43,13	39.372	32,99	84.009	37,70
BUP / Bacharelato superior / COU	8.044	7,77	11.043	9,25	19.087	8,57
Formación profesional	12.060	11,65	18.448	15,46	30.508	13,69
Outras titulacións	40	0,04	88	0,07	128	0,06
Titulación ensino obrigatorio	32.770	31,67	36.602	30,67	69.372	31,13
Titulados universitarios	5.936	5,74	13.799	11,56	19.735	8,86
Total xeral	103.487	100	119.352	100	222.839	100

Se analizamos os parados por nivel formativo, o cadro amosa que o 37,70% das persoas paradas tiñan ata certificado de escolaridade, e o 31,13% posuía ensino obrigatorio, o que supón que case o 70% dos parados galegos tiñan un nivel de estudos baixo. Os demais grupos por nivel de estudos están xa a bastante distancia, e clasifícanse por esta orde: formación profesional o 13,69%, titulados universitarios o 8,86% e BUP o 8,57%.

En relación co xénero, a distribución é moi similar, aínda que no caso dos homes o grupo que presenta menos parados, en termos absolutos, é o dos titulados universitarios; no caso das mulleres, son aquelas que teñen unha titulación de BUP/Bacharelato superior/COU. Por outra banda, se comparamos os parados con titulación universitaria, o número de mulleres supera en máis do dobre o de homes.

Parados rexistrados por nivel formativo




2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo

	31-12-05	31-12-06	31-12-07	31-12-08	31-12-09	2006	% variación	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade	63.198	59.060	59.016	70.605	84.009	-4.138	-6,55	-44	-0,07	11.589	19,64	13.404	18,98	7,38
BUP / Bacharelato superior / COU	17.644	15.315	14.432	17.102	19.087	-2.329	-13,20	-883	-5,77	2.670	18,50	1.985	11,61	1,98
Formación profesional	24.044	20.985	19.526	25.163	30.508	-3.059	-12,72	-1.459	-6,95	5.637	28,87	5.345	21,24	6,13
Outras titulacións	122	104	93	114	128	-18	-14,75	-11	-10,58	21	22,58	14	12,28	1,21
Titulación ensino obrigatorio	54.823	49.392	47.994	61.174	69.372	-5.431	-9,91	-1.398	-2,83	13.180	27,46	8.198	13,40	6,06
Titulados universitarios	18.845	15.810	13.921	15.745	19.735	-3.035	-16,11	-1.889	-11,95	1.824	13,10	3.990	25,34	1,16
Total	178.676	160.666	154.982	189.903	222.839	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	5,68

A tendencia ata o ano 2007 foi a redución de parados en todos os niveis formativos, tendencia que cambiou no ano 2008 cun aumento importante dos parados e que continuou ao longo de 2009, acadando un crecemento do 17,34% respecto ao ano anterior e destacando especialmente o grupo dos titulados universitarios (un 25,34%), seguido dos que teñen formación profesional (21,24 %).

Se atendemos á variación media anual, foi o tramo de ata certificado de escolaridade o que presentou a maior variación media (7,38%), seguido do grupo con formación profesional (6,1%).

Evolución anual por nivel formativo



2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda


	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
<= 1 mes	14.976	14,47	12.086	10,13	27.062	12,14
de 1 a 3 meses	22.459	21,70	20.099	16,84	42.558	19,10
de 3 a 6 meses	17.046	16,47	17.460	14,63	34.506	15,48
de 6 a 12 meses	20.853	20,15	20.551	17,22	41.404	18,58
de 12 a 24 meses	16.141	15,60	20.424	17,11	36.565	16,41
máis de 24 meses	12.012	11,61	28.732	24,07	40.744	18,28
Total	103.487	100	119.352	100	222.839	100

A maioría dos parados galegos levaban buscando emprego de 1 a 3 meses (19,10%), seguidos dos parados que tiñan unha antigüidade de 6 a 12 meses (18,58%).

En relación cos datos por xénero, as mulleres que levaban paradas máis de 24 meses constituían o grupo máis numeroso, representando o 24,07% (cifra que supera con moito a masculina), seguido das que levaban nas listas do paro de 6 a 12 meses (17,22%).

Polo que respecta ao colectivo dos homes, o grupo de parados máis numeroso rexistrouse nos que buscaron emprego de 1 a 3 meses, concentrando o 21,70% da totalidade, seguido moi de cerca polo tramo dos que estiveron inscritos de 6 a 12 meses (20,15%).

Parados rexistrados por antigüidade na demanda




2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda

	31-12-05	31-12-06	31-12-07	31-12-08	31-12-09	2006	% variación	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	V.M. anual
≤1 mes	22.986	20.188	20.046	26.956	27.062	-2.798	-12,17	-142	-0,70	6.910	34,47	106	0,39	4,17
De 1 a 3 meses	35.323	31.367	31.208	43.804	42.558	-3.956	-11,20	-159	-0,51	12.596	40,36	-1.246	-2,84	4,77
De 3 a 6 meses	25.732	22.560	22.710	30.033	34.506	-3.172	-12,33	150	0,66	7.323	32,25	4.473	14,89	7,61
De 6 a 12 meses	25.306	21.870	21.758	28.522	41.404	-3.436	-13,58	-112	-0,51	6.764	31,09	12.882	45,17	13,10
De 12 a 24 meses	25.935	23.005	19.981	22.670	36.565	-2.930	-11,30	-3.024	-13,14	2.689	13,46	13.895	61,29	8,97
Máis de 24 meses	43.394	41.676	39.279	37.918	40.744	-1.718	-3,96	-2.397	-5,75	-1.361	-3,46	2.826	7,45	-1,56
Total	178.676	160.666	154.982	189.903	222.839	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	5,68

A evolución do paro rexistrado nos últimos cinco anos caracterízase por unha tendencia positiva ata o ano 2007, pero a partir do ano 2008 a situación invertece, aumentando sensiblemente o crecemento dos parados; destaca o colectivo que estivo buscando emprego de 1 a 3 meses, co 40,36%, respecto ao ano anterior, mentres que este mesmo grupo no ano 2009 foi o único onde diminuíu o paro en -1.246 persoas, o que supuxo, en termos relativos, o -2,84%. Pola contra, e seguindo co ano 2009, os que levaban na procura de emprego de 12 a 24 meses aumentaron en 13.895 persoas, o que supuxo o 61.29%, seguidos moi de cerca polas que levaban de 6 a 12 meses, aumentando en 12.882 parados (45,17%).

En canto á variación media anual, o único grupo que rexistrou unha variación negativa foi o que levaba parado máis de 24 meses (-1,56%), mentres que os que presentaron a porcentaxe positiva máis alta foron os parados que levaron na procura de emprego de 6 a 12 meses.

Evolución anual por antigüidade na demanda




2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
SECTOR PRIMARIO	4.436	4,29	1.907	1,60	6.343	2,85
SECTOR SECUNDARIO	17.618	17,02	17.422	14,60	35.040	15,72
SECTOR CONSTRUCCIÓN	32.786	31,68	3.404	2,85	36.190	16,24
SECTOR SERVICIOS	41.117	39,73	80.587	67,52	121.704	54,62
SEN EMPREGO ANTERIOR	7.530	7,28	16.032	13,43	23.562	10,57
Total xeral	103.487	100	119.352	100	222.839	100

A distribución dos parados por sector económico amosa que o 54,62% procedía do sector servizos, seguido, aínda que a bastante distancia, polo sector da construción e polo secundario, representando o 16,24% e o 15,72%, respectivamente.

Por sexo, tamén foi o sector servizos o que predominou, pero no relativo ás mulleres as cifras de paradas son moi superiores ás dos homes; así, un total de 80.587 de mulleres paradas proceden deste sector, mentres que o número de homes é de 41.117. En canto ao resto dos sectores, no caso das mulleres seguía en importancia o secundario, mentres que no dos homes era a construción. Pola contra, seguía a ser o sector primario o que representaba un menor peso específico, xa que só representaba o 2,85% do número total de parados, aínda que da distribución desta porcentaxe a proporción de mulleres é moi inferior á dos homes.

Parados rexistrados por sector económico de procedencia




2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia

	31-12-05	31-12-06	31-12-07	31-12-08	31-12-09	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	5.375	5.056	4.995	5.806	6.343	-319	-5,93	-61	-1,21	811	16,24	537	9,25	4,23
SECTOR SECUNDARIO	29.162	25.778	24.488	30.255	35.040	-3.384	-11,60	-1.290	-5,00	5.767	23,55	4.785	15,82	4,70
SECTOR CONSTRUCCIÓN	20.033	17.123	16.925	27.138	36.190	-2.910	-14,53	-198	-1,16	10.213	60,34	9.052	33,36	15,93
SECTOR SERVICIOS	98.859	89.211	85.494	103.069	121.704	-9.648	-9,76	-3.717	-4,17	17.575	20,56	18.635	18,08	5,33
SEN EMPREGO ANTERIOR	25.247	23.498	23.080	23.635	23.562	-1.749	-6,93	-418	-1,78	555	2,40	-73	-0,31	-1,71
Total xeral	178.676	160.666	154.982	189.903	222.839	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	5,68

Como xa se reiterou, ata o ano 2008 o paro diminuíu, especialmente no ano 2006 e no sector da construción, pero a partir de 2008 a situación cambia de xeito radical, incrementándose sensiblemente o número de parados, sendo paradoxalmente o sector da construción o que acusou a maior caída do emprego; así, no ano 2008 acadábase, respecto ao ano anterior, un 60,34% de parados máis, e no 2009 aumentaban un 33,36%. Estas cifras que acabamos de comentar dan como consecuencia que tamén fose este sector o que tivo a variación media máis alta (15,93%). Polo que respecta ao resto dos sectores, tamén aumentan en número de parados, malia que as porcentaxes foron sensiblemente inferiores.

Evolución anual dos parados por actividade económica



2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación


	Homes	%s	Mulleres	%	Total	%
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	35.759	34,55	5.727	4,80	41.486	18,62
Dirección das empresas e das administracións públicas	1.097	1,06	446	0,37	1.543	0,69
Empregados de tipo administrativo	4.720	4,56	17.603	14,75	22.323	10,02
Forzas armadas	73	0,07	14	0,01	87	0,04
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	12.365	11,95	6.838	5,73	19.203	8,62
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	4.862	4,70	9.684	8,11	14.546	6,53
Técnicos e profesionais de apoio	10.648	10,29	8.756	7,34	19.404	8,71
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	4.533	4,38	1.892	1,59	6.425	2,88
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	8.293	8,01	39.914	33,44	48.207	21,63
Traballadores non cualificados	21.137	20,42	28.478	23,86	49.615	22,26
Total xeral	103.487	100	119.352	100	222.839	100

Atendendo aos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, a maioría dos parados aglutinábaos o grupo de “traballadores non cualificados”, co 22,26%. O seguinte grupo en importancia era o de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios”, co 21,63%, seguido polos “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria”, cun 18,62% dos parados.

Segundo o xénero, un terzo das mulleres (33,44%) proceden do grupo de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios”, seguido polo grupo de “traballadores non cualificados”, co 23,86%, abarcando estes dous grupos máis da metade dos parados de Galicia.

No referido aos homes, o grupo que reúne máis parados é o de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria”, co 34,55%, seguido, aínda que a unha certa distancia, dos “traballadores non cualificados”, co 20,42%.

Parados rexistrados por gran grupo de ocupación



2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación


	31-12-05	31-12-06	31-12-07	31-12-08	31-12-09	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	25.985	22.830	22.165	33.495	41.486	-3.155	-12,14	-665	-2,91	11.330	51,12	7.991	23,86	12,41
Dirección das empresas e das administracións públicas	1.351	1.142	1.117	1.280	1.543	-209	-15,47	-25	-2,19	163	14,59	263	20,55	3,38
Empregados de tipo administrativo	20.276	17.918	16.468	19.292	22.323	-2.358	-11,63	-1.450	-8,09	2.824	17,15	3.031	15,71	2,43
Forzas armadas	68	62	85	95	87	-6	-8,82	23	37,10	10	11,76	-8	-8,42	6,35
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	14.485	12.914	12.762	17.109	19.203	-1.571	-10,85	-152	-1,18	4.347	34,06	2.094	12,24	7,30
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	14.716	12.121	10.557	11.735	14.546	-2.595	-17,63	-1.564	-12,90	1.178	11,16	2.811	23,95	-0,29
Técnicos e profesionais de apoio	15.993	13.938	12.979	15.663	19.404	-2.055	-12,85	-959	-6,88	2.684	20,68	3.741	23,88	4,95
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	5.882	5.176	5.039	5.753	6.425	-706	-12,00	-137	-2,65	714	14,17	672	11,68	2,23
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	41.241	38.195	36.945	41.634	48.207	-3.046	-7,39	-1.250	-3,27	4.689	12,69	6.573	15,79	3,98
Traballadores non cualificados	38.679	36.370	36.865	43.847	49.615	-2.309	-5,97	495	1,36	6.982	18,94	5.768	13,15	6,42
Total	178.676	160.666	154.982	189.903	222.839	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	5,68

A tendencia dos parados por gran grupo de ocupación para o período 2005-2009 foi a redución do número de parados ata o ano 2008, pero a partir deste ano rexístrase un aumento dos parados en todos os grupos, especialmente no que se refire ao ano 2008, cun incremento verdadeiramente importante en todos os grupos, subida que continuou ao longo de todo o ano 2009, aínda que en menor intensidade, acadando tres grupos: “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria”, “técnicos e profesionais científicos e intelectuais” e “técnicos e profesionais de apoio” unhas porcentaxes de parados en torno ao

23%. Por outra banda, o único dato positivo é a diminución dos parados no grupo das “forzas armadas” pero as cifras son tan pequenas que non deixan de ser testemuñais.

En relación coa variación media anual, o grupo que rexistrou o dato máis destacable foi o de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria”, co 12,41%, seguido polo de “operadores de instalación e maquinaria, e montadores”, co 7,30%. Pola contra, os “técnicos e profesionais científicos e intelectuais” foron os únicos que experimentaron unha variación media negativa do -0,29%.

Evolución anual dos parados por gran grupo de ocupación




2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas

	Homes	Mulleres	Total	%
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	1.525	17.617	19.142	8,59
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	968	13.117	14.085	6,32
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	2.658	9.986	12.644	5,67
ALBANEL	8.094	76	8.170	3,67
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	3.745	2.530	6.275	2,82
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	6.023	50	6.073	2,73
CAMAREIRO, EN XERAL	2.255	3.139	5.394	2,42
ASISTENTE DOMICILIARIO	53	3.627	3.680	1,65
COCIÑEIRO, EN XERAL	793	2.673	3.466	1,56
CARPINTEIRO, EN XERAL	2.945	113	3.058	1,37

Na relación das dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes parados, constatamos que son as mesmas que as que aparecían o ano anterior, agás a de carpinteiro, en xeral, que substituíu a de condutor de camión. En canto á devandita relación, cabe dicir que as ocupacións que se atopaban nos primeiros postos da listaxe eran: “dependente de comercio”, que representaba o 8,59% da totalidade, seguida polo persoal de limpeza (6,32%) e empregado administrativo, en xeral (5,67%). Cómpre dicir, por outra banda, que a maioría dos desempregados desta listaxe son mulleres, coa excepción das ocupacións relacionadas coa construción, onde a maioría son homes.

As dez ocupacións máis demandadas



□□□ 2.3.16.- Perfil tipo do demandante parado en Galicia¹**Perfil demandante parado**

Sexo	Home
Grupo de idade	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensino obrigatorio
Tempo de busca de emprego	De 1 a 3 meses
Sector económico	Servizos
Ocupación máis demandada (SISPE-8díxitos)	Albanel

□□□ 2.3.17.- Perfil tipo da demandante parada en Galicia¹**Perfil demandante parada**

Sexo	Muller
Grupo de idade	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensino obrigatorio
Tempo de busca de emprego	Máis de 24 meses
Sector económico	Servizos
Ocupación máis demandada (SISPE-8 díxitos)	Dependentes de comercio, en xeral

⁽¹⁾ Para elaborar os informes seguintes tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

2.4. CONTRATOS

2.4.1.- Contratos realizados por xénero


	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	350.240	332.891	683.131
ESPAÑA	7.435.275	6.586.562	14.021.837

O número de contratos realizados en Galicia no ano 2009 foi de 683.131, o que supuxo 111.039 contratos menos con respecto ao ano anterior.

O número de contratos da nosa comunidade autónoma representaba o 4,87% da contratación do Estado.

Da totalidade de contratos rexistrados nas nosas oficinas de emprego, o 51,27% foi contratación masculina, mentres que o 48,73% foi contratación a mulleres. Así, a diferenza entre homes e mulleres sitúase en algo máis do 2%, o que supón unha redución das diferenzas respecto a anos anteriores.

Contratos por xénero. Galicia 2009




2.4.2.- Contratos realizados por provincia

	Homes	%	Mulleres	%	Total	% Total
A CORUÑA	145.494	41,54	144.857	43,51	290.351	42,50
LUGO	34.372	9,81	32.250	9,69	66.622	9,75
OURENSE	28.957	8,27	28.410	8,53	57.367	8,40
PONTEVEDRA	141.417	40,38	127.374	38,26	268.791	39,35
TOTAL	350.240	100	332.891	100	683.131	100

En relación co número de contratos realizados por provincia, hai que sinalar a forte presenza das dúas provincias atlánticas, englobando o 81,85% da totalidade da contratación.

Contratos por provincia




2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por xénero

	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
MULLERES	427.799	458.760	456.242	410.458	350.240	30.961	7,24	-2.518	-0,55	-45.784	-10,04	-60.218	-14,67	-4,88
HOMES	363.429	398.834	408.390	383.712	332.891	35.405	9,74	9.556	2,34	-24.678	-6,04	-50.821	-13,24	-2,17
TOTAL	791.228	857.594	864.632	794.170	683.131	66.366	8,39	7.038	0,81	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-3,61

Se analizamos a contratación nos últimos cinco anos, vemos como 2006 foi o único ano que mostrou un perfil positivo; 2007, no entanto, só foi positivo para as mulleres (9.556 contratos), mentres que, pola contra, nos homes se produciu un descenso na contratación, descenso que continúa nos anos seguintes para ambos os dous sexos e que se intensifica no ano 2009, afectando en maior medida ao colectivo masculino, tanto porque o descenso na contratación empeza antes como porque o descenso no número de contratos foi sensiblemente superior ao das mulleres. Deste xeito, na variación media anual entre 2005-2009, o colectivo masculino é o que obtén a porcentaxe máis negativa (-4,88%).

Variación anual da contratación por xénero



Variación anual da contratación por xénero




2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos

				Variación			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Decembro	23.492	26.928	50.420						
XANEIRO	27.192	27.403	54.595	3.700	475	4.175	15,75	1,76	8,28
FEBREIRO	24.651	21.884	46.535	-2.541	-5.519	-8.060	-9,34	-20,14	-14,76
MARZO	26.353	22.769	49.122	1.702	885	2.587	6,90	4,04	5,56
ABRIL	26.441	24.803	51.244	88	2.034	2.122	0,33	8,93	4,32
MAIO	27.492	23.328	50.820	1.051	-1.475	-424	3,97	-5,95	-0,83
XUÑO	33.357	29.964	63.321	5.865	6.636	12.501	21,33	28,45	24,60
XULLO	42.597	39.884	82.481	9.240	9.920	19.160	27,70	33,11	30,26
AGOSTO	28.897	25.731	54.628	-13.700	-14.153	-27.853	-32,16	-35,49	-33,77
SETEMBRO	31.719	33.534	65.253	2.822	7.803	10.625	9,77	30,33	19,45
OUTUBRO	31.704	31.415	63.119	-15	-2.119	-2.134	-0,05	-6,32	-3,27
NOVEMBRO	27.179	27.578	54.757	-4.525	-3.837	-8.362	-14,27	-12,21	-13,25
DECEMBRO	22.658	24.598	47.256	-4.521	-2.980	-7.501	-16,63	-10,81	-13,70

Polo que respecta á evolución mensual da contratación, observamos como a distribución é bastante irregular: mentres que nos meses que se atopan en torno ao verán se produce un aumento da contratación, en xuño o 24,60% e en xullo o 30,26%, hai outros meses en que se experimenta un descenso desta, como o mes de agosto (mes en que tradicionalmente se perden contratos), en que se deu unha redución do -33,77%, cifra que o sitúa no peor mes de todo o ano. Cara ao final de ano tamén a contratación presenta un saldo negativo, pero xa con menor intensidade que no mes de agosto.

Se a análise se fai por sexo, a situación pouco cambia: o maior número de contratos concéntrase en xuño e xullo para os dous sexos, agás no mes de maio, en que a contratación dos homes aumentou respecto ao mes anterior un 3,97%, mentres que a das mulleres descendeu un -5,95%.

Evolución mensual da contratación



□□□ 2.4.5.- Evolución mensual demandantes parados e contratados


	Parados	Contratados	Variación		% parados	% contratados
31/12/2008	189.903	39.252				
XANEIRO	201.316	45.349	11.413	6.097	6,01	15,53
FEBREIRO	206.570	38.033	5.254	-7.316	2,61	-16,13
MARZO	211.484	39.659	4.914	1.626	2,38	4,28
ABRIL	210.662	41.430	-822	1.771	-0,39	4,47
MAIO	207.518	40.225	-3.144	-1.205	-1,49	-2,91
XUÑO	200.240	49.314	-7.278	9.089	-3,51	22,60
XULLO	192.859	66.106	-7.381	16.792	-3,69	34,05
AGOSTO	195.241	42.835	2.382	-23.271	1,24	-35,20
SETEMBRO	200.465	52.519	5.224	9.684	2,68	22,61
OUTUBRO	208.923	49.793	8.458	-2.726	4,22	-5,19
NOVEMBRO	216.828	43.133	7.905	-6.660	3,78	-13,38
DECEMBRO	222.839	36.600	6.011	-6.533	2,77	-15,15

Dos datos proporcionados pola táboa para analizar a evolución mensual das persoas paradas e contratadas, debemos ter en conta que, obviamente, non estamos a falar do mesmo volume de persoas, pois a cifra de persoas paradas é moi superior á das contratadas. Aínda así, pódese destacar que, debido precisamente á diferenza de cifras, os movementos que se producen ao longo de todo o ano na columna de parados son bastante regulares, é dicir, non se producen grandes saltos nas cifras, mentres que na de contratados as oscilacións dan lugar a picos, especialmente no período estival; así, nos meses de xuño e xullo o aumento dos contratados foi considerable, mentres que no mes de agosto se rexistra unha forte caída.

Por outra banda, vemos como hai meses onde o número de contratados aumenta, ou diminúe o de parados, tal e como acontece no mes de xullo (baixa o 3,69% dos parados e aumenta o 34,05% dos contratados); pero isto que parece tan lóxico non sempre acontece deste xeito, de maneira que hai meses en que aumentan os parados e tamén os contratados, o que nos indica que, malia aumentar o número de contratados, non chega para frear a caída do emprego.

Por último, tamén se constata que no mes de maio se rexistra un descenso dos contratos, pero tamén un descenso dos parados, o que significa que non sempre hai unha vinculación directa entre aumento dos contratados e diminución dos parados.

Variación porcentual de parados e contratados




□□□ 2.4.6.- Contratos por idade e xénero

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
<=25	91.589	26,15	86.962	26,12	178.551	26,14
26 a 35	127.385	36,37	123.013	36,95	250.398	36,65
36 a 45	73.654	21,03	75.027	22,54	148.681	21,76
46 a 55	42.855	12,24	39.426	11,84	82.281	12,04
>=56	14.757	4,21	8.463	2,54	23.220	3,40
Total	350.240	100	332.891	100	683.131	100

No tocante á contratación por idade, o grupo máis contratado foi o de 26 a 35 anos, cunha porcentaxe do 36,65%, seguido dos menores de 26 anos, co 26,14%, de maneira que máis do 50% dos contratos se realizan con persoas menores de 36 anos.

Se a análise se fai por sexo, o comportamento da contratación é practicamente idéntico; os grupos de idade máis contratados foron os mesmos, con porcentaxes moi similares.

Contratación por idade e xénero




2.4.7.- Evolución anual dos contratos por idade

	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
<=25	255.966	267.498	266.807	231.956	178.551	11.532	4,51	-691	-0,26	-34.851	-13,06	-53.405	-23,02	-8,61
26 a 35	292.040	318.998	315.640	286.334	250.398	26.958	9,23	-3.358	-1,05	-29.306	-9,28	-35.936	-12,55	-3,77
36 a 45	148.175	164.939	169.834	165.039	148.681	16.764	11,31	4.895	2,97	-4.795	-2,82	-16.358	-9,91	0,09
46 a 55	72.924	82.486	87.703	86.722	82.281	9.562	13,11	5.217	6,32	-981	-1,12	-4.441	-5,12	3,06
>=56	22.123	23.673	24.648	24.119	23.220	1.550	7,01	975	4,12	-529	-2,15	-899	-3,73	1,22
Total	791.228	857.594	864.632	794.170	683.131	66.366	8,39	7.038	0,82	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-3,61

Tal como nos mostra a táboa, a contratación aumentou no ano 2006 en todos os grupos, pero a partir do ano 2007 produciuse unha caída da contratación, que foi moderada neste ano, afectando soamente aos menores de 36 anos. Nos anos seguintes o descenso foi aumentando paulatinamente, aínda que non afectou a todos os grupos por igual; os máis prexudicados foron os mozos menores de 26 anos, chegando a rexistrar en 2008 un 13,06% de contratos menos (-34.851) e en 2009 un 23,02% menos (-53.405). Polo que se refire aos demais grupo de idade, o comportamento tamén foi negativo e ningún grupo se librou da perda de contratos, aínda que con porcentaxes máis reducidas.

Polo que respecta á variación media anual, o descenso máis importante prodúcese no tramo de menores de 26 anos (-8,61%) e, pola contra, o que rexistrou a variación positiva máis alta foi o tramo de 46 a 55, co 3,06%.

Evolución anual da contratación por tramos de idade




2.4.8.- Contratos por nivel formativo

	Homes	%	Mulleres	%	Total	% Total
Ata certificado de escolaridade	85.301	24,36	53.019	15,93	138.320	20,25
BUP / Bacharelato superior / COU	45.680	13,04	52.560	15,79	98.240	14,38
Formación profesional	40.818	11,65	51.112	15,35	91.930	13,46
Titulación ensino obrigatorio	156.349	44,64	131.261	39,43	287.610	42,10
Titulados universitarios	22.092	6,31	44.939	13,50	67.031	9,81
Total	350.240	100	332.891	100	683.131	100

Polo que se refire á contratación por nivel formativo, unha vez máis son os titulados con ensino obrigatorio os que teñen máis peso no conxunto da contratación (42,10%), seguido, pero xa a bastante distancia, dos que teñen ata certificado de escolaridade (20,25%), concentrando estes dous grupos máis do 60% da contratación total da nosa comunidade autónoma.

Por sexo, a situación é moi similar: son tamén os titulados con ensino obrigatorio os que acumulan as maiores porcentaxes, 44,64% no caso dos homes e 39,43% no das mulleres. Non obstante, a medida que aumenta o nivel formativo, rexístrase un maior número de contratación nas mulleres; así, no grupo de titulados universitarios o número de contratos a mulleres duplicou o dos homes, tanto en termos absolutos, 44.939 e 22.092 respectivamente, como en termos relativos, 13,50% e 6,31%.

Contratos por nivel formativo




2.4.9.- Evolución anual dos contratos por nivel formativo

	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade	164.434	174.116	172.557	159.825	138.320	9.682	5,89	-1.559	-0,90	-12.732	-7,38	-21.505	-13,46	-4,23
BUP / Bacharelato superior / COU	122.348	132.250	140.106	123.433	98.240	9.902	8,09	7.856	5,94	-16.673	-11,90	-25.193	-20,41	-5,34
Formación profesional	106.160	124.600	121.098	109.369	91.930	18.440	17,37	-3.502	-2,81	-11.729	-9,69	-17.439	-15,95	-3,53
Titulación ensino obrigatorio	312.605	335.065	341.436	320.149	287.610	22.460	7,18	6.371	1,90	-21.287	-6,23	-32.539	-10,16	-2,06
Titulados universitarios	85.681	91.563	89.435	81.394	67.031	5.882	6,86	-2.128	-2,32	-8.041	-8,99	-14.363	-17,65	-5,95
Total	791.228	857.594	864.632	794.170	683.131	66.366	8,39	7.038	0,82	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-3,61

Na evolución da contratación mantívose un aumento ata o ano 2007; a partir de aquí xa aparecen os primeiros signos dunha caída da contratación nos grupos con certificado de escolaridade (-0,90%), formación profesional (-2,32%) e titulados universitarios (-2,32%), descenso que se xeneraliza a todos os grupos no ano 2008. Continuou con maior intensidade no ano 2009, destacando o grupo de BUP/Bacharelato superior/COU, cunha diminución na contratación do 20,41%, seguido polos titulados universitarios (-17,65%). Tamén foi este mesmo grupo o que rexistrou a variación media anual máis negativa (-5,95%).

Evolución anual por nivel formativo




2.4.10.- Contratos por tipoloxía

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Indefinido	31.983	9,13	20.310	6,10	52.293	7,65
Indefinido tempo parcial	4.544	1,30	10.205	3,07	14.749	2,16
Outros	14.966	4,27	5.414	1,63	20.380	2,98
Prácticas/Formación	5.299	1,51	4.778	1,44	10.077	1,48
Temporal	237.861	67,91	180.006	54,07	417.867	61,17
Temporal tempo parcial	55.587	15,87	112.178	33,70	167.765	24,56
Total	350.240	100	332.891	100	683.131	100

A contratación temporal, que inclúe os contratos temporais a tempo completo (61,17%) e a tempo parcial (24,56%), supuxo o 85,73% da totalidade da contratación na nosa comunidade, mentres que os indefinidos representan o 9,81%. Así pois, unha vez máis vemos o predominio da contratación temporal sobre a indefinida.

Nas modalidades da contratación por sexo, tamén se constata que a contratación temporal foi a máis utilizada polos dous xéneros, aínda que a presenza da contratación masculina foi superior á feminina. Cousa distinta sucede na contratación temporal a tempo parcial, en que o número de contratos realizados con mulleres duplicou o dos homes.

Contratos por tipoloxía




2.4.11.- Evolución anual dos contratos por tipoloxía

	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
Indefinido	57.200	78.912	81.291	71.079	52.293	21.712	37,96	2.379	3,01	-10.212	-12,56	-18.786	-26,43	-2,22
Indefinido tempo parcial	12.660	16.683	17.417	16.998	14.749	4.023	31,78	734	4,40	-419	-2,41	-2.249	-13,23	3,89
Outros	29.352	28.804	20.195	18.876	20.380	-548	-1,87	-8.609	-29,89	-1.319	-6,53	1.504	7,97	-8,72
Prácticas/Formación	20.500	20.181	19.927	14.340	10.077	-319	-1,56	-254	-1,26	-5.587	-28,04	-4.263	-29,73	-16,27
Temporal	507.603	532.646	541.849	496.591	417.867	25.043	4,93	9.203	1,73	-45.258	-8,35	-78.724	-15,85	-4,75
Temporal tempo parcial	163.913	180.368	183.953	176.286	167.765	16.455	10,04	3.585	1,99	-7.667	-4,17	-8.521	-4,83	0,58
Total	791.228	857.594	864.632	794.170	683.131	66.366	8,39	7.038	0,82	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-3,61

Polo que se refire á evolución anual do número de contratos, pódese observar como no período 2005-2007 se produciu un descenso na modalidade de "outros" e tamén na de prácticas/formación, mentres que no resto das modalidades se deu un aumento da contratación. Pero a partir do ano 2008 constátase un descenso de contratación en todas as modalidades, agás na de "outros", que en 2009 achega o único dato positivo, rexistrando un aumento de 1.504 contratos máis (7,97%) respecto ao ano anterior. Pola contra, a contratación de prácticas/formación e indefinida foron as modalidades nas que se produciron os maiores descensos (-29,73% e -26,43% respectivamente).

En canto á variación media anual, destacou a contratación indefinida parcial, cunha porcentaxe do 3,89%, seguida da contratación temporal a tempo parcial, co 0,58%. O resto das modalidades tiveron unha variación negativa, destacando especialmente a contratación en prácticas/formación, co -16,27%.




□□□ 2.4.12.- Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
2005	791.228	389.625	2,03
2006	857.594	416.336	2,06
2007	864.632	415.530	2,08
2008	794.170	379.649	2,09
2009	683.131	326.507	2,09

O índice de rotación é a relación entre o número de contratos e o número de persoas contratadas nun período de tempo. Se atendemos aos datos que aparecen na táboa anterior, vemos como a media de contratos que se realizaron cunha persoa non deixou de medrar ata o ano 2008, situándose neste mesmo ano en 2,09 contratos por persoa; cifra que se mantivo no ano 2009.

Índice de rotación dos contratos



□□□ 2.4.13.- Mobilidade dos contratados por xénero en Galicia



Se atendemos ás cifras de persoas contratadas que entran e saen da nosa comunidade autónoma, vemos como as cifras das persoas que saen son superiores ás das persoas que entran, de maneira que podemos afirmar que Galicia é unha comunidade que exporta traballadores, especialmente homes.


2.4.14.- Contratos por sector económico

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
SECTOR PRIMARIO	17.680	5,05	3.601	1,08	21.280	3,12
SECTOR SECUNDARIO	39.212	11,20	22.810	6,85	62.021	9,08
SECTOR CONSTRUCCIÓN	64.798	18,50	3.923	1,18	68.721	10,06
SECTOR SERVICIOS	228.550	65,26	302.557	90,89	531.107	77,75
Total	350.240	100	332.891	100	683.131	100

O 77,75% dos contratos realizados en Galicia englobáronse no sector servizos; o segundo sector en importancia segue a ser a construción, aínda que a moita distancia (10,06%), seguido moi de cerca do sector secundario (9,08%). En último lugar, e cun valor moi inferior, situouse o sector primario (3,12%).

Por sexo, o sector servizos tamén destacou sobre os outros sectores, pero hai unha preeminencia da muller; así, este sector representa o 90,89% da contratación feminina, mentres que nos homes supón o 65,26%. En canto ao sector da construción, a situación invertease, pois a presenza dos homes foi moi superior á das mulleres (18,50% e 1,18% respectivamente), converténdose no segundo sector en importancia para o colectivo masculino, mentres que para o feminino foi a industria o sector que ocupou este lugar (6,85%), aínda que a unha enorme distancia do sector servizos.

Contratos por sector económico




□ □ □ 2.4.15.- Evolución anual dos contratos por sectores de actividade

	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	21.932	21.727	21.312	23.876	21.280	-205	-0,93	-415	-1,91	2.564	12,03	-2.596	-10,87	-0,75
SECTOR SECUNDARIO	91.763	93.581	92.247	77.192	62.021	1.818	1,98	-1.334	-1,43	-15.055	-16,32	-15.171	-19,65	-9,33
SECTOR CONSTRUCCIÓN	98.084	106.600	101.679	81.641	68.721	8.516	8,68	-4.921	-4,62	-20.038	-19,71	-12.920	-15,83	-8,51
SECTOR SERVICIOS	579.449	635.686	649.394	611.461	531.107	56.237	9,71	13.708	2,16	-37.933	-5,84	-80.354	-13,14	-2,15
Total	791.228	857.594	864.632	794.170	683.131	66.366	8,39	7.038	0,82	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-3,61

Analizando os datos da táboa anterior, pódese destacar que o comportamento da contratación por sectores foi bastante dispar; no ano 2006, aumenta a contratación, agás no sector primario, que descende en 205 contratos (-0,93%). No ano 2007 todos os sectores experimentan unha redución da contratación (especialmente o da construción, co -4,62%), agás o sector servizos, que crece nun 2,16%. Pola contra, e xa falando do ano 2008, o sector da agricultura e pesca foi o único que rexistrou un aumento notable, mentres que o restos dos sectores acusaron reducións importantes, destacando unha vez máis a construción. Esta tendencia negativa continuou, e incluso se agravou, no ano 2009, afectando a todos os sectores e rexistrando un maior descenso que nos anos anteriores.

En canto á variación media anual, os datos amosan que o sector da industria foi o que saíu peor parado (-9,33%), seguido moi de cerca polo da construción (-8,51%).

Evolución anual dos contratos por sectores de actividade




2.4.16.- Contratos por gran grupo de ocupación

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	72.523	20,71	15.448	4,64	87.971	12,88
Dirección das empresas e das administracións públicas	1.106	0,32	653	0,20	1.759	0,26
Empregados de tipo administrativo	15.175	4,33	42.343	12,72	57.518	8,42
Forzas armadas	158	0,05	339	0,10	497	0,07
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	49.739	14,20	11.945	3,59	61.684	9,03
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	30.472	8,70	29.977	9,01	60.449	8,85
Técnicos e profesionais de apoio	31.392	8,96	29.550	8,88	60.942	8,92
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	9.204	2,63	2.142	0,64	11.346	1,66
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	48.807	13,94	123.391	37,07	172.198	25,21
Traballadores non cualificados	91.664	26,17	77.103	23,16	168.767	24,70
Total	350.240	100	332.891	100	683.131	100

Do total de contratos rexistrados por gran grupo de ocupación, o 25,21% realizáronse con “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios” e o 24,70% con “traballadores non cualificados”; de acordo co exposto, a metade dos contratos rexistrados en Galicia englobábase nos dous grupos mencionados. O resto dos grupos concentran un peso moi inferior, que oscilaría entre o 12,88% dos “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria” e o 0,26% de “dirección das empresas e das administracións públicas”.

Se atendemos ao xénero, as mulleres foron maioritariamente contratadas no grupo de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios”, co 37,07% da totalidade da contratación feminina, mentres que os homes o fixeron no grupo de “traballadores non cualificados”, co 26,17%. O segundo lugar, no caso das mulleres, rexistrouse no grupo de “traballadores non cualificados”, co 23,16%, e no dos homes foi para o grupo de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria”, co 20,71%.

Contratos por gran grupo de ocupación




2.4.15.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación

	2005	2006	2007	2008	2009	2006	%	2007	%	2008	%	2009	%	V.M. anual
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	121.132	130.120	124.670	107.069	87.971	8.988	7,42	-5.450	-4,19	-17.601	-14,12	-19.098	-17,84	-7,69
Dirección das empresas e das administracións públicas	1.956	2.371	2.383	2.206	1.759	415	21,22	12	0,51	-177	-7,43	-447	-20,26	-2,62
Empleados de tipo administrativo	72.385	80.564	78.387	75.253	57.518	8.179	11,30	-2.177	-2,70	-3.134	-4,00	-17.735	-23,57	-5,59
Forzas armadas	176	2.771	5.403	299	497	2.595	1.474,43	2.632	94,98	-5.104	-94,47	198	66,22	29,63
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	68.563	78.674	85.064	77.654	61.684	10.111	14,75	6.390	8,12	-7.410	-8,71	-15.970	-20,57	-2,61
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	63.220	68.296	67.162	66.990	60.449	5.076	8,03	-1.134	-1,66	-172	-0,26	-6.541	-9,76	-1,11
Técnicos e profesionais de apoio	58.861	63.260	69.079	67.158	60.942	4.399	7,47	5.819	9,20	-1.921	-2,78	-6.216	-9,26	0,87
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	13.593	13.259	13.172	13.917	11.346	-334	-2,46	-87	-0,66	745	5,66	-2.571	-18,47	-4,42
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	168.730	188.896	194.449	187.739	172.198	20.166	11,95	5.553	2,94	-6.710	-3,45	-15.541	-8,28	0,51
Traballadores non cualificados	222.612	229.383	224.863	195.885	168.767	6.771	3,04	-4.520	-1,97	-28.978	-12,89	-27.118	-13,84	-6,69
Total	791.228	857.594	864.632	794.170	683.131	66.366	8,39	7.038	0,82	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-3,61

Se analizamos os datos da táboa anterior, podemos afirmar, que no ano 2006, en liñas xerais, a contratación aumentou en todos os grupos, agás no de traballadores cualificados na agricultura e na pesca. No ano 2007 a distribución foi bastante irregular, pois dependendo do grupo hai algúns que medran e outros que descenden. E xa no ano 2008, confirmouse definitivamente a tendencia negativa, perdendo contratos todos os grupos a excepción dos traballadores cualificados na agricultura e na pesca, o que se pode poñerse en relación co feito de que nese mesmo ano o sector primario foi o único que tamén rexistrou un aumento da contratación. Por último, o 2009 converteuse no ano onde menos contratos se realizaron en todos os grupos, agás nas forzas armadas, pero as cifras que achegan son moi pouco significativas.

En canto á variación media anual, o grupo que saíu máis favorecido foi o das forzas armadas (29,63%); pola contra, o que saíu máis prexudicado foi o dos artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria (7,69%).

Evolución anual da contratación por gran grupo de ocupación




2.4.18.- As dez ocupacións máis contratadas

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	%
Camareiros, barmans e asimilados	27.521	33.347	60.868	8,91
Peóns de industrias manufactureiras	31.351	19.714	51.065	7,48
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	7.158	39.971	47.129	6,90
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	5.088	39.470	44.558	6,52
Peóns do transporte e descargadores	24.717	6.194	30.911	4,52
Albaneis e canteiros	20.637	612	21.249	3,11
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	4.426	12.172	16.598	2,43
Compositores, músicos e cantantes	12.432	3.232	15.664	2,29
Taquígrafos e mecanógrafos	3.108	8.999	12.107	1,77
Condutores de camións	10.910	328	11.238	1,65

Case a metade (45,58%) da contratación da Comunidade Autónoma de Galicia se concentrou nestas 10 ocupacións. Obsérvase tamén que se trata de ocupacións cunha certa consolidación, xa que son practicamente as mesmas que as de anos anteriores.

En xeral, son de baixa cualificación e en moitos casos moi masculinizadas ou, pola contra, feminizadas; así, a distribución é moi diferente, coa excepción da que representa o primeiro lugar: camareiros, barmans e asimilados (8,91%), a cal rexistra un número de contratos parecido entre mulleres e homes. Como exemplo de grupo ocupacional masculinizado aparece peóns de transporte e descargadores (24.717 contratos a homes fronte a 6.194 a mulleres) e como grupo feminizado está o de persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares (5.088 contratos masculinos e 39.971 femininos).

As dez ocupacións máis contratadas



□□□ 2.4.19.- Perfil tipo do contratado en Galicia¹**Perfil do contratado**

Sexo	Home
Grupo de idade	26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensino obrigatorio
Sector económico	Sector servizos
Ocupación máis contratada (CNO-4 díxitos)	Traballadores non cualificados

□□□ 2.4.20.- Perfil tipo da contratada en Galicia¹**Perfil da contratada**

Sexo	Muller
Grupo de idade	26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación ensino obrigatorio
Sector económico	Sector servizos
Ocupación máis contratada (CNO-4 díxitos)	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios

¹ Para elaborar os informes seguintes tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.


2.5. FORMACIÓN

2.5.1.- Número de cursos e alumnos que participaron na formación para desempregados no ano 2009

FAMILIA	CURSOS	% TOTAL CURSOS	ALUMNOS
Actividades físicas e deportivas	9	0,68	155
Administración e xestión	211	15,84	3.722
Agraria	32	2,40	559
Artes e artesanías	8	0,60	141
Artes gráficas	37	2,78	637
Comercio e márketing	46	3,45	799
Edificación e obra civil	88	6,61	1.571
Electricidade e electrónica	56	4,20	948
Enerxía e auga	32	2,40	568
Fabricación mecánica	55	4,13	938
Formación complementaria	8	0,60	123
Hostalaría e turismo	72	5,41	1.271
Imaxe e son	2	0,15	36
Imaxe persoal	23	1,73	433
Industrias alimentarias	12	0,90	204
Informática e comunicacións	238	17,87	4.030
Instalación e mantemento	21	1,58	353
Madeira, moble e cortiza	40	3,00	689
Marítimo-pesqueira	2	0,15	36
Sanidade	50	3,75	829
Seguridade e medio ambiente	6	0,45	97
Servizos socioculturais e á comunidade	145	10,89	2.483
Téxtil, confección e pel	14	1,05	243
Transporte e mantemento de vehículos	125	9,38	2.112
TOTAL	1.332	100	22.977

Da táboa anterior, que presenta as cifras das accións formativas para desempregados que se impartiron na nosa comunidade en 2009, despréndese que destacou a familia de informática e comunicacións, que acaparou o 17,87% da totalidade dos cursos, seguida por administración e xestión (15,84%), servizos socioculturais e á comunidade (10,89%) e transporte e mantemento de vehículos (9,38%); só estas catro familias concentraron o 53,98% dos cursos. Pola contra, hai familias en que apenas se impartiron cursos, tal como sucedeu con marítimo-pesqueira (0,15%), imaxe e son (0,15%) ou seguridade e medio ambiente (0,45%).

Cursos por familia profesional



2.5.2.- Cursos impartidos e alumnos por familia profesional e provincia

FAMILIA	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
	Cursos	Alumnos	Cursos	Alumnos	Cursos	Alumnos	Cursos	Alumnos
Actividades físicas e deportivas	4	64			1	16	4	75
Administración e xestión	66	1.180	28	501	26	465	91	1.576
Agraria	9	145	8	135	8	155	7	124
Artes e artesanías			3	49	3	58	2	34
Artes gráficas	7	119	7	117	6	107	17	294
Comercio e márketing	11	173	7	127	14	249	14	250
Edificación e obra civil	38	651	17	308	17	320	16	292
Electricidade e electrónica	21	363	7	124	6	102	22	359
Enerxía e auga	7	121	14	238	3	63	8	146
Fabricación mecánica	18	308	6	109	11	186	20	335
Formación complementaria					8	123		
Hostalaría e turismo	26	437	8	150	17	327	21	357
Imaxe e son	1	21					1	15
Imaxe persoal	7	138	7	120	4	74	5	101
Industrias alimentarias	6	103			3	51	3	50
Informática e comunicacións	53	893	44	710	51	905	90	1.522
Instalación e mantemento	5	91	4	69	4	71	8	122
Madeira, moble e cortiza	18	302	4	81	8	127	10	179
Marítimo-pesqueira							2	36
Sanidade	15	231	12	203	13	236	10	159
Seguridade e medio ambiente	2	33			3	48	1	16
Servizos socioculturais e á comunidade	48	814	17	268	45	794	35	607
Téxtil, confección e pel	8	137			3	59	3	47
Transporte e mantemento de vehículos	25	416	33	561	16	276	51	859


No tocante á distribución de cursos e alumnos por provincia, cabe destacar que non todas as provincias participaron na formación na mesma porcentaxe; así, a de Pontevedra aglutina o 33,11% dos cursos, seguida pola da Coruña, co 29,65%, concentrando estas dúas provincias máis do 62% da totalidade das accións formativas para desempregados que se imparten en Galicia, mentres que a Ourense lle correspondeu o 20,27% e a Lugo o 16,97%. Ademais, non todas as familias se impartiron nas catro provincias, como sucedeu en Lugo, que non tivo ningún curso das familias de Téxtil, confección e pel, da de Marítimo-pesqueira ou da de Actividades físicas e deportivas; por outra parte, existen familias que se potenciaron máis nunhas provincias que noutras, como foi o caso de Edificación e obra civil, onde o número de cursos que se impartiron na Coruña duplica o das

tres provincias restantes ou o das familias de Informática e comunicación e Transporte e mantemento de vehículos, na que a provincia de Pontevedra duplicou ou incluso triplicou as outras.


Por sexo, obsérvase que existen diferenzas significativas; así, hai familias onde a gran maioría dos alumnos foron homes, como Transporte e mantemento de vehículos ou Edificación e obra civil; ou, pola contra, existiron outras en que a situación se inverteu e a maioría foron mulleres, como ocorre coas familias de Servizos socioculturais e á comunidade, ou, en menor medida, na de Administración e xestión.

Por último, e no que se refire á idade dos alumnos que participan na formación para o emprego, cómpre dicir que a maioría dos alumnos, o 36%, tiñan entre 26 e 35 anos, seguidos do tramo de 36 a 45, que supuxo o 23%, de maneira que máis da metade dos alumnos tiñan unha idade entre 26 e 45 anos.

Alumnos formados por familia profesional



Porcentaxe de alumnos formados por idade



3.- COLECTIVOS

3.1. MULLERES


3.1.1.- Datos demográficos


	total	Mulleres	% de mulleres sobre o total	Variación 09/08
A Coruña	1.145.488	594.647	51,91	3.563
Lugo	355.195	182.252	51,31	-383
Ourense	335.642	174.188	51,9	-63
Pontevedra	959.764	495.399	51,62	3.468
GALICIA	2.796.089	1.446.486	51,73	6.585
ESPAÑA	46.745.807	23.628.819	50,55	318.734

A poboación feminina na nosa comunidade era de 1.446.486 mulleres, o que supuxo o 51,73% da totalidade da poboación. No conxunto do Estado as mulleres representan o 50,55%.

Se comparamos os datos de 2009 cos do ano anterior, observamos como a poboación feminina no conxunto de Galicia aumentou o 0,45%, pero se atendemos ás provincias, vemos como este incremento só afectou ás provincias atlánticas, mentres que en Lugo e Ourense esta poboación diminuíu.

Variación da poboación feminina 09/08



PORCENTAXE DE MULLERES NA POBOACIÓN

□□□ 3.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

Taxas de actividade, ocupación e paro feminino

	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
A Coruña	50,2	43,8	12,7
Lugo	43,9	39,1	11
Ourense	41,7	35,7	14,5
Pontevedra	49,3	41,1	16,7
GALICIA	48,1	41,3	14,1
ESPAÑA	51,7	41,8	19,1

Fonte: Instituto Galego de Estatística. EPA.Cifras do último trimestre de 2009

A taxa de actividade das mulleres en Galicia foi do 48,1%, o que nos sitúa por debaixo da taxa española (51,7%). Se atendemos ás provincias, estas presentan diferenzas importantes; así, temos que a taxa de actividade da provincia da Coruña (50,2%) se sitúa 8,5 puntos por encima da de Ourense (41,7%).


En canto á taxa de ocupación de Galicia, foi de 41,3%, é dicir, menos da metade das mulleres atopábanse traballando ou a procura de emprego. Se comparamos

esta cifra coa do Estado, vemos como esta era lixeiramente superior á de Galicia (41,8%).

Nas provincias, unha vez máis, as que presentaron as taxas máis baixas foron as de Lugo e Ourense, mentres que, pola contra, a da Coruña foi a que presentou a taxa máis alta (43,8%).

No que respecta á taxa de paro, Galicia no ano 2009 acadaba o 14,1%, o que nos situaba 5 puntos por debaixo da nacional (19,1%). Por provincias, Lugo foi a que tivo a taxa de paro máis baixa e a de Pontevedra a máis alta, acadando un 16,7%.

Taxa de actividade, ocupación e paro feminino




□□□ 3.1.3.- Afiliacións

	Réxime xeral	R. agrario	R. mar	R. fogar	R. autónomos
A Coruña	147.404	409	1.786	8.228	38.732
Lugo	38.036	267	213	2.787	17.364
Ourense	35.884	87		2.895	10.778
Pontevedra	118.081	588	4.522	6.126	28.332
GALICIA	339.405	1.351	6.521	20.036	95.206
ESPAÑA	6.186.432	380.597	9.945	269.319	1.057.296


Da análise dos datos correspondentes ás afiliacións de mulleres no ano 2009, constátase que o 73,38% das afiliacións totais se rexistran no réxime xeral, o que, dito doutro xeito, significa que tres de cada catro mulleres estaba en alta neste réxime. A bastante distancia atópase o réxime de autónomos, co 20,58% da afiliacións, seguido do réxime de empregados do fogar (4,33%), do réxime do mar (1,40%) e, por último, do réxime agrario (0,29%).

Afiliación segundo réxime e provincia




En canto á variación dos réximes por provincias, a da Coruña tivo un crecemento positivo no réxime agrario, mentres que nos demais experimentou unha diminución no número de afiliados. En Lugo o aumento de afiliados produciuse no réxime xeral; o resto dos réximes tamén experimentaron unha perda de afiliados. Ourense foi a única provincia que tivo un comportamento positivo en todos os réximes, agás o de autónomos. Por último, Pontevedra perdeu afiliados en todos os réximes. O mesmo sucedeu co conxunto de Galicia, que tamén rexistra datos negativos en todos os sectores.

Variación 2009/08 de afiliadas



As dez actividades máis destacadas entre as asalariadas e as autónomas.
(CNAE-09 2 díxitos)

As 10 actividades máis destacadas entre as asalariadas



As actividades con maior proporción de asalariadas estaban relacionadas co comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas (15,13%), seguido das actividades sanitarias (11,91%) e de administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria (10,52%); estas tres actividades aglutinaban máis da terceira parte da totalidade de actividades.

AS DEZ ACTIVIDADES MÁIS DESTACADAS ENTRE AS MULLERES AFILIADAS NO RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS. GALICIA. XUÑO 2009

CNAE	Afiliadas	Peso relativo
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	27.461	28,91
Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	20.698	21,79
Servizos de comidas e bebidas	11.127	11,71
Outros servizos persoais	5.854	6,16
Comercio por xunto e intermediarios do comercio	3.192	3,36
Actividades sanitarias	2.075	2,18
Educación	1.840	1,94
Actividades de construción especializada	1.505	1,58
Actividades xurídicas e de contabilidade	1.485	1,56
Transporte terrestre e por tubaxe	1.445	1,52

En canto ás actividades principais das autónomas galegas, destacaba agricultura, gandería, caza e servizos relacionadas con elas (28,91%), seguida de comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas (21,79%), de forma que dúas de cada tres autónomas estaban enmarcadas nunha destas actividades.

□□□ 3.1.4.- Demandantes paradas


	Mulleres	Homes	total	% de mulleres
A Coruña	48.133	41.461	89.594	53,72
Lugo	10.603	10.565	21.168	50,09
Ourense	13.534	11.334	24.868	54,42
Pontevedra	47.082	40.127	87.209	53,99
GALICIA	119.352	103.487	222.839	53,56
ESPAÑA	1.911.067	2.012.536	3.923.603	48,71

O número de paradas en 31 de decembro de 2009 ascendía a 119.352 mulleres, o que supoñía o 53,56% da totalidade dos parados da nosa comunidade. Isto demostra que o colectivo feminino sae máis desfavorecido que o masculino en canto aos datos do paro.


Se atendemos á situación provincial, Lugo era a que contaba cunha realidade máis optimista, ao representaren as paradas o 50,09%; pola contra, Ourense foi a provincia onde a porcentaxe que representaba o paro feminino era a máis alta de toda Galicia, aínda que próxima ás provincias atlánticas, concretamente o 54,42%.

No tocante á variación das demandantes paradas, ao longo do ano 2009 a tendencia foi a un considerable aumento nas catro provincias, subindo arredor do 13% en todas, agás en Ourense, onde o paro tamén se incrementou pero con menos intensidade (5,84%).

Variación 2009/08 de demandantes paradas por provincia. Galicia




PESO RELATIVO DO PARO FEMININO REXISTRADO



As dez actividades máis destacadas entre as paradas. (CNAE-09 2 díxitos)

As dez actividades máis destacadas entre as paradas



Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas é a actividade económica que acapara máis paradas (12,17%), seguida en importancia pola actividade de servizos de comidas e bebidas (10,88%). En terceiro lugar, pero xa a unha certa distancia, atópase a actividade de Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria, co 5,91%.


□□□ 3.1.5.- Contratación

	Mulleres	Homes	total	% de mulleres
A Coruña	144.857	145.494	290.351	49,89
Lugo	32.250	34.372	66.622	48,41
Ourense	28.410	28.957	57.367	49,52
Pontevedra	127.374	141.417	268.791	47,39
GALICIA	332.891	350.240	683.131	48,73
ESPAÑA	6.586.562	7.435.275	14.021.837	46,97


O número de contratos a mulleres en Galicia durante o ano 2009 foi de 332.891, o que supuxo o 48,73% do total, mentres que en España foi dun 46,97%. Se atendemos ás provincias, a que contrata máis mulleres foi a da Coruña (49,89%), seguida moi de cerca pola de Ourense (49,52%); en cambio, a que menos contratou foi a de Pontevedra (47,39%).

En canto á variación da contratación feminina, as cifras indican que a contratación se reduciu neste período nas catro provincias, aínda que non por igual en todas elas. Así, a provincia onde máis contratos se perderon foi na da Coruña (-14,12%), seguida de Pontevedra, cun descenso de -13,24%; en cambio a de Ourense foi a que tivo unha porcentaxe menos desfavorable (-8,73%).

Variación 2009/08 da contratación feminina



PORCENTAXE DE CONTRATOS NAS MULLERES



3.2. MENORES DE 30 ANOS

□□□ 3.2.1.- Datos demográficos


	2009			
	Poboación total	Menores 30 anos	Porcentaxes	Variación
A Coruña	1.145.488	321.782	28,09	-5.641
Lugo	355.195	88.969	25,05	-1.725
Ourense	335.642	83.047	24,74	-1.483
Pontevedra	959.764	295.181	30,76	-5.041
GALICIA	2.796.089	788.979	28,22	-13.890
ESPAÑA	46.745.807	15.544.653	33,25	-19.503

A poboación menor de 30 anos na Comunidade Autónoma de Galicia en 1 de xaneiro de 2009 acadaba un total de 788.979 persoas, o que supoñía o 28,22% da poboación total. Esta porcentaxe é sensiblemente inferior á estatal, na que os mozos representaban o 33,25% da poboación. A nivel provincial, a distribución porcentual non era a mesma en todas as provincias; A Coruña e Pontevedra rexistraban máis xente nova, tanto en termos absolutos como relativos (30,76%) e (28,09%) respectivamente, mentres que as do interior presentaban unhas porcentaxes do 25,05% na de Lugo e do 24,74% na de Ourense.

Tal como observamos na táboa anterior, produciuse un descenso da poboación nova, tanto a nivel autonómico como estatal, aínda que non na mesma proporción. Mentres que Galicia soportou una variación negativa do -1,73%, a de España foi do -0,25%.

Se falamos das provincias, aínda que as diferenzas son mínimas, foi a de Lugo a que sufriu o maior descenso (-1,90%), seguida de cerca por Ourense (1,75%), A Coruña (1,7%) e, por último, Pontevedra, cunha redución algo menor (1,67%).


Porcentaxes de poboación menor de 30 anos



Variación 2009/08 da poboación menor de 30 anos



PORCENTAXE DOS MENORES DE 30 ANOS SOBRE A POBOACIÓN



□□□ 3.2.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

Taxas de actividade, ocupación e paro dos menores de 30 anos

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	62	64,9	59	49,6	52,5	46,6	19,9	18,8	21,1
Lugo	54,7	59,4	50,6	41	44,7	37,6	25	24,8	25,8
Ourense	58,2	63,6	51,7	42,8	50,7	34,6	26,5	21	33
Pontevedra	63,9	66,7	61	46,3	46,8	45,7	27,4	29,8	24,9
GALICIA	61,5	64,8	58	46,7	49,3	44	24	24	24

Fonte: Instituto Galego de Estatística. IV trimestre 2009

A taxa de actividade dos mozos menores de 30 anos foi do 61,5%; é dicir, da poboación entre 16 e 30 anos, esa porcentaxe ou traballa ou busca emprego.

Se análise se fai por sexo, para os homes a taxa foi de 64,8%, mentres que para as mulleres foi do 58%, o que significa que os homes estaban 6,8 puntos por riba.

Nas provincias, unha vez máis hai diferenzas entre as do interior e as atlánticas, destacando especialmente Lugo por contar coas taxas máis baixas.

A taxa de ocupación da poboación moza en Galicia foi do 46,7%, e, tal como indicamos no informe xeral, está 1,03 puntos por debaixo da taxa xeral. Por sexo, a taxa dos homes era do 49,3%, mentres que a das mulleres era do 44%, o que supoñía que a taxa masculina era 5,3 puntos superior á feminina.


Por provincias, destacaron Lugo por contar coa taxa de ocupación máis baixa (41%) e A Coruña coa máis alta (49,6%), habendo unha diferenza de máis de 8 puntos.

En canto á taxa de paro dos mozos menores de 30 anos, foi do 24%, o que significa que estaba un 11,12% por riba da media xeral de Galicia.

Por sexo, tanto os homes como as mulleres tiveron unha taxa do 24%, cifras moi superiores ás medias xerais, concretamente 12,13 puntos no caso dos homes e 10,07 puntos no das mulleres.

Por provincias, a que tivo a taxa de paro máis alta foi a de Pontevedra (o 27,4%), mentres que a que tivo a taxa máis baixa foi a da Coruña (19,9%), sendo a diferenza entre as dúas de máis de 7 puntos.

Taxas de actividade, ocupación e paro



3.2.3.- Afiliacións

	R. xeral	R. agrario	R. mar	R. fogar	R. autónomos
A Coruña	64.555	313	697	651	6.603
Lugo	16.785	314	244	165	2.467
Ourense	14.499	110		112	2.054
Pontevedra	53.131	317	1.507	474	5.389
GALICIA	148.970	1.054	2.448	1.402	16.513


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 30 de xuño de 2009

No tocante aos afiliados en alta do Sistema de Seguridade Social dos menores de 30 anos, observamos que a inmensa maioría estaban rexistrados no réxime xeral (87,43%), seguido moi de lonxe polo réxime de autónomos, co 9,69% da totalidade de afiliación dos mozos galegos. O resto dos réximes tiveron un papel moi marxinal, pois nin sequera acadaban o 2%.


Se comparamos as cifras de afiliación dos mozos coas cifras que ofrecen a totalidade dos afiliados de Galicia, destaca o réxime agrario, que acada a porcentaxe máis alta (o 24,33% da totalidade), seguido do réxime xeral (19,98%). No resto dos réximes a porcentaxe que representan os mozos era sensiblemente inferior: no réxime do mar representaban o 10,03%, no de autónomos o 7,21% e no de fogar o 7,21%.

En canto á variación interanual da afiliación, o número de traballadores descendeu en todos os réximes e en todas as provincias, agás no réxime agrario, que aumenta en tres das catro provincias, pero onde máis medrou foi na de Ourense, aínda que nesta provincia este réxime conta cunha cifra moi baixa de afiliados.


Distribución dos afiliados menores de 30 anos por réximes de Seguridad Social



Participación dos menores de 30 anos na afiliación segundo réxime sobre o total de Galicia




Variación 2009/08 de afiliados menores de 30 anos



As dez actividades máis destacadas entre os asalariados menores de 30 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

As dez actividades máis destacadas entre os asalariados menores de 30 anos



Das actividades que rexistraron máis altas na Seguridade Social destacaron aquelas relacionadas co comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas (13,74% da totalidade), seguida das vinculadas coa construción especializada (8,74%) e das de servizos de comidas e bebidas (8,30%), de maneira que un de cada catro mozos estaba en alta nunha destas actividades.

As dez actividades máis destacadas entre os menores de 30 anos autónomos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

CNAE	Descrición	Porcentaxe	
56	Servizos de comidas e bebidas	2.460	14,23
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas	2.415	13,97
43	Actividades de construción especializada	2.317	13,40
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionadas con elas	1.314	7,60
41	Construción de edificios	1.125	6,51
96	Outros servizos persoais	995	5,75
46	Comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas	754	4,36
49	Transporte terrestre e por tubaxe	748	4,33
86	Actividades sanitarias	593	3,43
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	529	3,06


En canto ás actividades que rexistraron máis altas nos autónomos, pódese dicir que destacan as mesmas que as citadas no apartado anterior, aínda que con distintas porcentaxes; así, aquí as que rexistraron máis altas son as de Servizos de comidas e bebidas (14,23%), seguidas das de Comercio ao retalho (13,97%) e das de Actividades de construción especializada (13,40%), ou, dito doutro modo, case un 50% dos mozos autónomos está enmarcado nunha destas actividades.

3.2.4.- Demandantes parados menores de 30 anos

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	10.822	9.980	20.802
Lugo	2.831	2.560	5.391
Ourense	2.718	2.643	5.361
Pontevedra	11.368	9.973	21.341
GALICIA	27.739	25.156	52.895

O número de parados menores de 30 anos inscritos nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en 31 de decembro de 2009 era de 52.895 persoas, das cales o 52,44% eran homes e o 47,56 mulleres.


Parados menores de 30 anos por sexo



Por outra banda, o peso dos mozos parados supuxo o 23,74% da totalidade dos parados da nosa comunidade.

A nivel provincial, Pontevedra era a que tiña un maior número de parados, seguida moi de cerca pola Coruña, concentrando entre as dúas case o 80% dos mozos parados de toda Galicia. As provincias restantes, Lugo e Ourense, atopábanse a bastante distancia das provincias atlánticas, e ambas contaban cun número de parados practicamente igual.

Participación dos parados menores de 30 anos sobre o total de Galicia



En canto á variación de mozos parados entre os anos 2008 e 2009, os datos son bastante desfavorables para este colectivo. En Galicia, no ano 2009 o desemprego aumentou, en termos relativos, o 18,79%.

94... Estudo do mercado laboral. Galicia 2009


Se temos en conta a provincia, o paro medrou en todas, pero non na mesma proporción. Sen dúbida, Lugo foi a que rexistrou as porcentaxes máis elevadas, cun aumento de 23,45%, seguido da Coruña, co 21,99%; pola contra, a provincia onde menos medrou o paro foi a de Pontevedra, co 15,41%; aínda así, o dato tampouco é bo.

Variación 2009/08 de parados menores de 30 anos


Provincia	Variación 2009/08 (%)
Galicia	18,79
Pontevedra	15,41
Ourense	16,14
Lugo	23,45
A Coruña	21,99

PESO RELATIVO DOS PARADOS MENORES DE 30 ANOS

15,20 - 17,91
17,92 - 21,10
21,11 - 23,56
23,57 - 25,76
25,77 - 28,74




1001



Demandantes parados menores de 30 anos por nivel formativo


	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Outras titulacións	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	5.365	1.757	4.308	18	6.623	2.731	20.802
Lugo	1.863	353	1.084	1	1.408	682	5.391
Ourense	1.497	595	954	5	1.660	650	5.361
Pontevedra	6.354	1.581	4.449	8	6.999	1.950	21.341
GALICIA	15.079	4.286	10.795	32	16.690	6.013	52.895

Se nos centramos nos parados menores de 30 anos por nivel formativo, observamos que, en termos absolutos, a maioría dos parados posuían ensino obrigatorio (16.690), seguidos moi de cerca polos que tiñan certificado de escolaridade (15.079). Así, máis da metade dos mozos parados galegos tiñan un nivel de estudos baixos. Por outra parte, os mozos parados universitarios tiveron un peso porcentual do 11%, o que significa que este colectivo conta cun número de universitarios maior que outros colectivos.

Porcentaxe de parados menores de 30 anos por nivel formativo

Pero se nos fixamos na porcentaxe que supoñían os parados menores de 30 anos respecto ao total dos parados en cada tramo, vemos como son os que tiñan formación profesional os que representaban a porcentaxe máis elevada, concretamente o 35,38%; a continuación, os titulados universitarios supoñen o 30,47%. No resto de titulacións, a medida que baixaba o nivel de formación, o peso porcentual dos mozos parados tamén diminuíu.

Participación dos parados menores de 30 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia




Demandantes parados menores de 30 anos por antigüidade na demanda

	<= 1 mes	de 1 a 3 meses	de 3 a 6 meses	de 6 a 12 meses	de 12 a 24 meses	máis de 24 meses	Total
A Coruña	3.591	6.090	4.378	3.792	2.199	752	20.802
Lugo	1.001	1.618	1.106	973	533	160	5.391
Ourense	897	1.576	1.066	1.019	594	209	5.361
Pontevedra	3.625	6.453	4.287	3.991	2.375	610	21.341
GALICIA	9.114	15.737	10.837	9.775	5.701	1.731	52.895


Se nos referimos aos demandantes parados segundo o tempo que levan na procura dun emprego, vemos que hai 15.737 mozos, o que supoñía que o 29,75% levaba en desemprego de 1 a 3 meses; 10.837 (20,49%) tiñan unha antigüidade de 3 a 6 meses, mentres que os que levaban parados máis de 24 meses só supoñían o 3,27% dos mozos parados.

Porcentaxe de parados menores de 30 anos por nivel formativo



Se atendemos ás porcentaxes que supoñen os parados menores de 30 anos respecto á totalidade dos parados, vemos que onde se concentraron as maiores proporcións de parados foi nos tramos de menor permanencia no paro; así, no grupo que levaba á procura de emprego de 1 a 3 meses, o 36,98% dos parados eran xente nova, seguido polo tramo dos que levaban un mes ou menos en paro, que engloba o 33,68%, mentres que o 4,25% dos mozos estivo máis de 24 meses en desemprego.

Participación dos parados menores de 30 anos por antigüidade no paro sobre o total de Galicia



As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados

CNAE	Descrición	Parados	Porcentaxe
00	Sen emprego anterior	8.840	16,71
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.957	9,37
43	Actividades de construción especializada	4.803	9,08
56	Servizos de comidas e bebidas	4.328	8,18
78	Actividades relacionadas co emprego	2.734	5,17
41	Construción de edificios	2.332	4,41
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.690	3,20
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1.527	2,89
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	1.201	2,27
10	Industria da alimentación	1.041	1,97
96	Outros servizos persoais	987	1,87

Das dez actividades máis importantes entre os parados xoves, merece mención á parte o colectivo de demandantes de primeiro emprego, que ocupou o primeiro posto da listaxe con 8.840 parados, o que supuxo o 16,71%. O resto dos demandados concéntranse nas actividades relacionadas co comercio ao retallo (9,37%), actividades de construción especializada (9,08%) e servizos de comidas e bebidas (8,18%). As demais actividades que figuran na táboa anterior xa se atopaban a unha certa distancia.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes entre os parados menores de 30 anos

As dez ocupacións máis demandadas entre os menores de 30 anos

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	%
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	1.967	11.881	13.848	7,11
CAMAREIRO, EN XERAL	2.529	4.214	6.743	3,46
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	1.543	4.880	6.423	3,30
REPOÑEDOR DE HIPERMERCADO	2.767	3.491	6.258	3,21
MOZO DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN EU/OU MERCADO DE ABASTOS	5.024	574	5.598	2,87
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	3.395	1.936	5.331	2,74
CAIXEIRO DE COMERCIO	300	5.027	5.327	2,74
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	1.056	4.110	5.166	2,65
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	4.273	65	4.338	2,23
CARPINTEIRO, EN XERAL	2.938	141	3.079	1,58

Se nos referimos aos parados rexistrados segundo a ocupación na demanda, o 7,11% concentrábanse na epígrafe de dependente de comercio. O segundo grupo en importancia foi o de camareiro, co 3,46%, seguido polo de empregado administrativo, co 3,30%.

Na primeira ocupación máis demandada había unha forte presenza de mulleres e unha escaseza de homes, mentres que noutras ocupacións ocorre ao revés, como foi o caso de mozo de carga e descarga ou peón da construción, o que nos está a indicar que tamén entre os mozos as ocupacións están masculinizadas ou feminizadas, segundo o caso.


Por outra banda, vemos tamén que se trata de ocupacións de baixa cualificación.

□□□ 3.2.5.- Contratación menores de 30 anos

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	62.696	62.868	125.564
Lugo	14.053	13.927	27.980
Ourense	12.563	11.904	24.467
Pontevedra	58.813	54.259	113.072
GALICIA	148.125	142.958	291.083

O número de contratos realizados ao longo de 2009 a menores de 30 anos foi de 291.083, dos que o 50,89% se formalizaron co colectivo masculino e o 49,11% co feminino.


Contratación menores de 30 anos por sexo



O número de contratos realizados cos mozos menores de 30 anos supuxo o 42,61% da contratación total, é dicir, case a metade dos contratos que se realizaron en Galicia durante o ano 2009 se rexistraron con este colectivo.


No que respecta á contratación por provincias, a da Coruña foi a que rexistrou un maior volume, seguida da de Pontevedra con cifras máis ou menos similares. Cousa distinta presentan as provincias do interior, tamén cunhas porcentaxes de contratación parecidas pero a bastante distancia tanto de Pontevedra como da Coruña.


Participación da contratación dos menores de 30 anos sobre o total de Galicia



No tocante á variación interanual, en Galicia produciuse unha redución da contratación dos menores de 30 anos en 20,41 puntos. Por provincias, é a da Coruña a que presenta os valores máis elevados (-21,93%), seguida moi de cerca pola de Pontevedra (-21,37%); ambas as dúas están por riba da media autonómica. Pola contra, as dúas restantes presentan valores inferiores á media, sendo a de Ourense a que rexistrou un descenso máis moderado da contratación (-12,80%).

Variación 2009/08 da contratación entre menores de 30 anos




PORCENTAXE DE CONTRATOS NOS MENORES DE 30 ANOS**Contratos por tipoloxía entre menores de 30 anos**

	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas/Formación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	7.657	2.955	1.133	3.506	71.657	38.656	125.564
Lugo	2.893	652	1.134	961	15.889	6.451	27.980
Ourense	1.877	678	173	1.012	14.569	6.158	24.467
Pontevedra	7.055	2.368	1.326	2.672	66.698	32.953	113.072
GALICIA	19.482	6.653	3.766	8.151	168.813	84.218	291.083


De acordo cos datos proporcionados pola táboa anterior, no ano 2009 dos 291.083 contratos que se realizaron con mozos, a maioría foron na modalidade de contratos temporais, concretamente 168.813, o que supuxo o 57,99% da totalidade da contratación, seguidos pola contratación temporal a tempo parcial, que supuxo o 28,93%, de maneira que os contratos temporais representaban o 86,92% da contratación entre os mozos menores de 30 anos, mentres que os contratos indefinidos supuxeron o 8,98%.

Distribución da contratación por tipoloxía entre os mozos menores de 30 anos



Na comparación dos datos de contratos a mozos cos da totalidade de contratos realizados en Galicia, vemos como a porcentaxe máis alta de participación dos mozos se realizou na modalidade de prácticas/formación (80,89%), o cal resulta lóxico, dado que son modalidades pensadas especialmente para a inserción de mozos; en segundo lugar atópase a contratación temporal a tempo parcial, co 50,20%, seguida da temporal a tempo completo, que supuxo o 40,40%; pola contra, na contratación indefinida a porcentaxe que supuxo a contratación de mozos foi do 37,26%.

Participación da contratación dos menores de 30 anos por tipoloxía sobre o total de Galicia



Índice de rotación


	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	148.125	82.790	1,79
Mulleres	142.958	76.323	1,87
Total	291.083	159.113	1,83

Tal como observamos na táboa anterior, o índice de rotación entre os mozos no ano 2009 foi de 1,83 contratos por persoa, o que indica unha alta temporalidade. Se a análise se fai por sexo, as mulleres novas posuían un nivel de rotación máis acusado, situándose en 1,87, fronte ao 1,79 dos homes.

Contratos por nivel formativo entre menores de 30 anos


	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	22.332	23.122	19.818	45.321	14.971	125.564
Lugo	6.218	4.208	4.812	9.298	3.444	27.980
Ourense	4.049	4.312	3.387	9.881	2.838	24.467
Pontevedra	19.337	18.684	16.998	48.601	9.452	113.072
GALICIA	51.936	50.326	45.015	113.101	30.705	291.083

Polo que respecta á contratación xuvenil segundo o nivel formativo, observamos que o maior número de contratos (38,86%) se realizan con mozos cunha titulación de ensino obrigatorio, seguidos a unha distancia considerable dos formalizados cos que teñen certificado de escolaridade (17,84%); nas demais titulacións, a medida que se aumenta o nivel formativo, o número de contratos realizados diminuíu.

Distribución da contratación por nivel formativo entre os mozos menores de 30 anos

Por outra banda, se comparamos os datos da contratación de mozos coa totalidade da contratación na nosa comunidade, constatamos que a maior participación dos mozos foi nos contratos cunha titulación de BUP/Bacharelato superior/COU, co 51,23%, seguidos polo grupo dos que teñen formación profesional, onde os mozos representan o 48,97% da totalidade da contratación con persoas con esta titulación; entre os titulados universitarios os mozos participan nun 45,81%, mentres que no resto de titulacións a participación xuvenil foi menos acusada.

Participación da contratación dos menores de 30 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Mobilidade dos contratados menores de 30 anos en Galicia




Dos datos da mobilidade entre os mozos menores de 30, constatamos que o saldo foi negativo, é dicir, foron máis os traballadores mozos que saíron que os traballadores que entraron na nosa comunidade, sendo as mulleres as que sufriron un saldo negativo máis elevado que o dos homes.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación dos menores de 30 anos

CNAE	Descrición	Contratos	Porcentaxe
78	Actividades relacionadas co emprego	43.398	14,91
56	Servizos de comidas e bebidas	30.646	10,53
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	26.406	9,07
43	Actividades de construción especializada	14.736	5,06
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	9.536	3,28
55	Servizos de aloxamento	9.186	3,16
85	Educación	9.006	3,09
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	8.330	2,86
86	Actividades sanitarias	8.246	2,83
41	Construción de edificios	7.942	2,73

No tocante ás actividades máis importantes na contratación de menores de 30 anos, foron as relacionadas co emprego as que englobaron o maior número de contratos, 43.398, o que supuxo o 14,91%, seguidas das actividades relacionadas cos servizos de comidas e bebidas e das que están relacionadas co comercio ao retallo, aglutinando o 10,53% e o 9,07%, respectivamente.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes na contratación dos menores de 30 anos



As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	% total
Camareiros, barmans e asimilados	14.704	18.936	33.640	11,56
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	4.542	24.880	29.422	10,11
Peóns de industrias manufactureiras	16.567	7.486	24.053	8,26
Peóns do transporte e descargadores	14.041	2.324	16.365	5,62
Persoal de limpeza de oficinas, hotéis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	2.098	6.181	8.279	2,84
Animadores comunitarios	2.344	4.224	6.568	2,26
Taquígrafos e mecanógrafos	1.577	4.486	6.063	2,08
Albaneis e canteiros	5.192	146	5.338	1,83
Guías e azafatas de terra	687	4.430	5.117	1,76
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	1.732	2.999	4.731	1,63

A maioría dos contratos realizados a mozos foron no grupo primario de camareiros, barmans e asimilados, acaparando o 11,56% da totalidade da contratación a mozos; no segundo lugar sitúase o grupo primario de dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados, co 10,11%, e no terceiro lugar figuran os peóns de industrias manufactureiras, co 8,26%. Por outra banda, tal como acontecía coa contratación en xeral e coa referida a outros colectivos, son ocupacións que responden a un perfil de baixa cualificación e hai algunhas marcadamente masculinas, como peóns de transporte e descargadores, e outras onde predomina a muller, como na de dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados.

Perfil da contratación¹**Perfil da contratación**

Sexo	Home
Nivel académico	Titulación ensino obrigatorio
Tipo de contrato	Temporal
Grupo primario	Camareiros, barmans e asimilados

¹ Para elaborar os informes seguintes tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

3.3. MAIORES DE 54 ANOS


□□□ 3.3.1.- Datos demográficos

	Poboación total	Maiores 54 anos	Porcentaxe >54 anos	Variación
A Coruña	1.145.488	384.217	33,54	5.203
Lugo	355.195	141.128	39,73	240
Ourense	335.642	139.104	41,44	164
Pontevedra	959.764	292.531	30,48	5.024
GALICIA	2.796.089	956.980	34,23	10.631
ESPAÑA	46.745.807	12.813.686	27,41	223.701



Cos datos do Padrón Municipal de Habitantes en 1 de xaneiro de 2009, a poboación maior de 54 anos ascendía a 956.980 persoas, o que supoñía un 34,23% da poboación total. Esta porcentaxe era sensiblemente superior á estatal, o que nos confirma que Galicia contaba cunha cifra importante de maiores de 54 anos en relación coa totalidade da poboación. A nivel provincial, as provincias da Coruña e Pontevedra mostraban unha certa similitude con porcentaxes moi parecidas, 33,54% e 30,48% respectivamente; pola contra, Lugo e Ourense presentaban unha poboación máis envellecida, sobre todo Ourense, cunha porcentaxe do 41,44%.

En canto á variación interanual, as catro provincias obteñen un saldo positivo, pero non na mesma proporción; así, en Pontevedra o aumento deste colectivo foi do 1,75%, na da Coruña do 1,37% e nas do interior foi notablemente inferior: Lugo 0,17% e Ourense 0,12%.

Porcentaxe de poboación maior de 54 anos



--	--



□□□ 3.3.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

Taxas de actividade, ocupación e paro dos maiores de 54 anos


	Taxa de actividade	Taxa de paro	Taxa de ocupación
Ambos os sexos	19,3	7,23	17,91
Homes	24,91	7,42	23,07
Mulleres	14,87	6,98	13,83

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. IV trimestre 2009

A poboación maior de 54 anos en Galicia presentaba unhas taxas de actividade máis baixas que as do conxunto da poboación; concretamente o 19,3% para ambos os sexos, o 24,91% para os homes e para as mulleres o 14,87%, 10 puntos por debaixo da masculina.

A taxa de paro de ambos os sexos situouse no 7,23%; a taxa de paro masculino foi do 7,42% e a das mulleres do 6,98%. Estes valores foron menores que os rexistrados noutras idades inferiores; por outra banda, as diferenzas entre homes e mulleres non foron tan notables como noutros tramos de idade.

En canto á taxa de ocupación para este tramo de idade, é salientable que rexistraron porcentaxes por debaixo das da totalidade da poboación, especialmente no caso das mulleres; así, segundo os datos que figuran na táboa anterior, a taxa de paro para ambos os sexos foi do 17,91%, a dos homes do 23,07% e a das mulleres do 13,83%.

Taxa de actividade, paro e ocupación do conxunto da poboación e dos maiores de 54 anos. Galicia IV trimestre 2009


3.3.3.- Afiliacións

	R. xeral	R. agrario	R. mar	R. fogar	R. autónomos
A Coruña	35.133	224	1.171	2.501	24.083
Lugo	9.577	172	196	888	11.226
Ourense	9.918	54	0	1.170	7.933
Pontevedra	29.496	184	2.929	1.834	17.239
GALICIA	84.124	634	4.296	6.393	60.481

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 30 de xuño de 2009

Se analizamos os datos de afiliados e en alta do Sistema da Seguridade Social dos maiores de 54 anos, vemos como a maior proporción de persoas afiliadas a atopamos no réxime xeral, que representa o 53,95%, seguido polos afiliados ao réxime de autónomos, co 38,79%, de maneira que estes dous réximes englobaban o 92,74%. A continuación, pero xa a moita distancia, atópase o réxime do fogar (4,10%), o do mar (2,76%) e por último o agrario (0,41%).


Distribución dos afiliados maiores de 54 anos por réximes de Seguridade Social




Se comparamos os datos de afiliacións deste colectivo cos datos da totalidade de afiliados, observamos que o réxime onde máis representatividade tiñan foi no de fogar, representando o 31,05%, seguido moi de cerca polo de autónomos, co 26,06%; pola contra, onde menos incidencia tiñan foi no réxime xeral, co 11,28%.

En canto á variación interanual, o número de traballadores afiliados aumentou respecto ao ano 2008 en todas as provincias e, polo tanto, en Galicia nos réximes do fogar e xeral, 3,70% e 3,24% respectivamente; porén o de autónomos diminúe o número de afiliados, mentres que o agrario rexistra unha subida en Lugo (4,18%) e unha baixada en Pontevedra dun -7,54%. Por último o do mar perde afiliados na Coruña e en Pontevedra, mentres que en Lugo aumenta nun 2,08%.

Participación dos maiores de 54 anos na afiliación segundo o réxime sobre o total de Galicia



Variación 2009/08 de afiliados maiores de 54 anos



As dez actividades máis destacadas entre os asalariados maiores de 54 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia



Atendendo ás actividades máis destacadas entre os asalariados, constatamos que se agrupan entre Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria (12,77%), actividades sanitarias (10,20) e construción de edificios (6,69%).

As dez actividades máis destacadas entre os autónomos maiores de 54 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

CNAE	Descrición	Autónomos	Porcentaxe
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionadas con elas	19.050	30,94
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas	9.377	15,23
56	Servizos de comidas e bebidas	5.595	9,09
43	Actividades de construción especializada	3.874	6,29
49	Transporte terrestre por tubaxe	3.192	5,18
46	Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	3.099	5,03
41	Construción de edificios	2.491	4,05
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	1.705	2,77
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.656	2,69
96	Outros servizos persoais	1.203	1,95


No tocante ás actividades que rexistran máis altas nos autónomos, as que destacaron polo seu maior peso foron as relacionadas coa agricultura, gandería, caza e servizos relacionadas con elas, acadando 19.050 autónomos, o que supoñía o 30,94%; séguenlle en importancia as relacionadas co comercio ao retalho (15,23%) e as de servizos de comidas e bebidas (9,09%). Así, unha de cada dúas persoas maiores de 54 anos estaban afiliadas nunha destas actividades citadas.

3.3.4.- Demandantes parados maiores de 54 anos

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	7.330	7.939	15.269
Lugo	2.049	1.547	3.596
Ourense	2.711	2.992	5.703
Pontevedra	5.899	7.495	13.394
GALICIA	17.989	19.973	37.962

O número de parados maiores de 54 anos rexistrados nas oficinas de emprego de Galicia en 31 de decembro de 2009 acadaba a cifra de 37.962, dos que o 47% eran homes e o 53% eran mulleres.


Parados maiores de 54 anos por sexo



Se atendemos aos datos das provincias, foi a da Coruña a que rexistrou a cifra máis alta de parados, seguida da de Pontevedra, englobando entre as dúas un 75% do total dos parados maiores de 54 anos.


En canto á porcentaxe da poboación desempregada maior de 54 anos, alcanzaba o 17,04% do total de parados da nosa comunidade.


Participación dos parados maiores de 54 anos sobre o total de Galicia



Analizando a variación interanual dos parados maiores de 54 anos, vemos como os parados aumentaron nun 9,22% para o conxunto de Galicia. Aínda, que se atendemos ás provincias, o aumento non foi o mesmo para todas, pois Pontevedra foi a que tivo un aumento máis acusado, cun 11,96%, mentres que Ourense foi a provincia onde menos medrou o paro, co 4,60%, sendo a diferenza entre as dúas provincias de 7,36 puntos.

Variación 2009/08 de parados maiores de 54 anos




PESO RELATIVO DOS PARADOS MAIORES DE 54 ANOS**Demandantes parados maiores de 54 anos por nivel formativo**

	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Outras titulacións	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	10.843	767	394	5	2.870	390	15.269
Lugo	2.752	157	91		524	72	3.596
Ourense	4.448	265	93	2	803	92	5.703
Pontevedra	9.212	785	309	1	2.767	320	13.394
GALICIA	27.255	1.974	887	8	6.964	874	37.962


Se nos referimos ao paro rexistrado por nivel formativo, o grupo de ata certificado de profesionalidade foi o que máis parados englobou (71,80%), seguido, aínda que con cifras moi inferiores, polo de titulación de ensino obrigatorio, co 18,34%, o que supón que máis do 90% dos parados maiores de 54 anos tiñan unha titulación moi baixa.

Porcentaxe de parados maiores de 54 anos por nivel formativo



Se nos referimos á incidencia que supuxeron os parados maiores de 54 anos en relación cos parados totais, observamos como as porcentaxes máis elevadas de parados deste colectivo se concentran no grupo de ata certificado de profesionalidade, co 32,44% da totalidade. Pola contra, o grupo onde menos representación tiñan era no de formación profesional, co 2,91%.


Participación dos parados maiores de 54 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Demandantes parados maiores de 54 anos por antigüidade na demanda

	<= 1 mes	de 1 a 3 meses	de 3 a 6 meses	de 6 a 12 meses	de 12 a 24 meses	máis de 24 meses	Total
A Coruña	713	1.094	1.250	2.106	2.689	7.417	15.269
Lugo	194	258	269	471	642	1.762	3.596
Ourense	205	357	417	726	891	3.107	5.703
Pontevedra	636	1.065	1.112	2.056	2.466	6.059	13.394
GALICIA	1.748	2.774	3.048	5.359	6.688	18.345	37.962


A maioría dos parados maiores de 54 anos levaban buscando emprego máis de 24 meses (48,32%), seguidos polos que levaban de 12 a 24 meses (17,62%), o que nos leva a concluír que un de cada dous parados maiores de 54 anos sofren un paro de longa duración. Pola contra, aqueles que estiveron á procura de emprego un mes ou menos tempo supuxeron arredor do 4%.

Porcentaxe de parados maiores de 54 anos por antigüidade no paro

Se atendemos ás porcentaxes que supuxo este colectivo de parados no conxunto da poboación total que estaba parada, vemos tamén que onde máis parados maiores de 54 anos había foi nos grupos citados no parágrafo anterior; así, dentro do colectivo que levaba á procura dun emprego máis de 24 meses, o 45,03% eran maiores de 54 anos, seguido de lonxe polo tramo de 12 a 24 meses, que

supoñía o 18,29%. No entanto, o tramo dos que levaban parados igual ou menos dun mes apenas repercutía neste colectivo, xa que representaba só o 6,46% da totalidade dos parados.

Participación dos parados maiores de 54 anos por antigüidade na demanda sobre o total de Galicia




As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados

CNAE	Descrición	Parados	Porcentaxe
00	Sen emprego anterior	4.373	11,52
43	Actividades de construción especializada	3.681	9,70
41	Construción de edificios	3.296	8,68
56	Servizos de comidas e bebidas	2.802	7,38
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	2.459	6,48
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	2.317	6,10
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	1.526	4,02
10	Industria da alimentación	1.346	3,55
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.235	3,25
14	Confección de roupa de vestir	1.107	2,92
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	821	2,16

Das actividades que rexistraron máis parados maiores de 54 anos, a que destacou en primeiro lugar foi a de sen emprego anterior, co 11,52%. A continuación atopamos as actividades relacionadas coa construción especializada (9,70%), construción de edificios (8,68%), servizos de comidas e bebidas (7,38%) e comercio ao retallo (6,48%).

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes entre os parados maiores de 54 anos



As dez ocupacións máis demandadas entre os maiores de 54 anos

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	Porcentaxe
PERSONAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	733	8.549	9.282	10,10
ALBANEL	3.666	72	3.738	4,07
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	290	2.908	3.198	3,48
ASISTENTE DOMICILIARIO	53	2.816	2.869	3,12
PEÓN DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	2.696	54	2.750	2,99
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	1.230	1.255	2.485	2,70
PINCHE DE COCIÑA	165	2.147	2.312	2,52
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	639	1.635	2.274	2,47
COCIÑEIRO, EN XERAL	272	1.588	1.860	2,02
PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	1.268	394	1.662	1,81


No tocante á lista das dez ocupacións máis demandadas, un 10,10% concentrábanse na de persoal de limpeza ou limpador, en xeral, seguido de lonxe pola de albanel, (4,07%), dependente de comercio, en xeral (3,48%). Hai que ter en conta que se trata de ocupacións que requiren baixa cualificación e que, segundo os casos, se trata de ocupacións fortemente feminizadas, como a de persoal de limpeza ou limpador, en xeral, ou, pola contra, masculinizadas, como a de albanel.

3.3.5.- Contratación maiores de 54 anos

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	6.986	4.673	11.659
Lugo	1.966	905	2.871
Ourense	1.895	1.073	2.968
Pontevedra	6.691	3.658	10.349
GALICIA	17.538	10.309	27.847

No ano 2009 realizáronse 27.847 contratos a maiores de 54 anos en Galicia, dos cales o 63% formalizouse co colectivo de homes, mentres que o 37% foi con mulleres. Esta proporción supuxo que a diferenza entre os homes e as mulleres fose de 26 puntos a favor do colectivo masculino.


Contratación maiores de 54 anos por sexo



En canto ao peso de cada provincia, foron as da Coruña e Pontevedra as que concentraron máis das tres cuartas partes da contratación deste colectivo, aparecendo as outras dúas provincias cunhas cifras sensiblemente inferiores.


Se relacionamos o número de contratos deste colectivo coa totalidade da contratación da nosa comunidade, observamos que os maiores de 54 anos representaron o 4,08% do total.


Participación da contratación dos maiores de 54 anos sobre o total de Galicia



Polo que respecta á variación interanual, houbo diferenzas segundo a provincia; o maior descenso da contratación produciuse na provincia de Pontevedra (-6,86%), seguido da Coruña (-5,32%); Lugo tamén rexistrou unha redución da contratación, aínda que en menor medida (-0,14%); pola contra, Ourense foi a única provincia que experimentou un crecemento significativo (5,21%), sobre todo se o comparamos cos datos das outras provincias.

Variación 2009/08 da contratación entre maiores de 54 anos




PORCENTAXE DE CONTRATOS EN MAIORES DE 54 ANOS**Contratos por tipoloxía entre maiores de 54 anos**

	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas/ Formación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	954	236	670	46	7.276	2.477	11.659
Lugo	308	65	388	35	1.456	619	2.871
Ourense	253	57	146	117	1.797	598	2.968
Pontevedra	789	199	776	10	6.267	2.308	10.349
GALICIA	2.304	557	1.980	208	16.796	6.002	27.847


Se analizamos a contratación por tipoloxía, dos 27.847 contratos realizados durante o ano 2009 máis do 80% foi contratación temporal, mentres que, pola contra, a contratación indefinida supuxo en torno ao 10%.

Distribución da contratación por tipoloxía entre os maiores de 54 anos



Se atendemos á comparativa entre a contratación a maiores de 54 anos e a totalidade da contratación realizada na nosa comunidade, obsérvase o escaso peso que ten este colectivo: ao redor do 4%. Así, na contratación indefinida representan o 4,41%, seguido moi de cerca pola temporal, que supuxo o 4,02%.

Participación da contratación dos maiores de 54 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	17.538	9.899	1,77
Mulleres	10.309	5.440	1,90
Total	27.847	15.339	1,82


Se analizamos o índice de rotación dos maiores de 54 anos, observamos que no ano 2009 cada persoa contratada tivo unha media de 1,82 contratos. Se a análise se fai por xénero, as mulleres tiveron maior índice de rotación, concretamente 1,90, mentres que a dos homes foi de 1,77.

Contratos por nivel formativo entre os maiores de 54 anos

	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	4.520	1.243	437	4.830	629	11.659
Lugo	1.377	206	115	1.049	124	2.871
Ourense	1.229	216	63	1.363	97	2.968
Pontevedra	4.251	713	384	4.576	425	10.349
GALICIA	11.377	2.378	999	11.818	1.275	27.847


No que se refire á contratación por nivel formativo, podemos dicir que máis do 83% da contratación se realizou con persoas de baixo nivel formativo, é dicir, con titulación de ensino obrigatorio ou ata certificado de escolaridade. A medida que o nivel de estudos aumenta, a proporción de contratados deste colectivo diminúe (coa excepción de formación profesional, que foi o que menos peso tivo, co 3,59%); así, os bachareis supuxeron o 8,54% e, por último, os universitarios o 4,54%.

Distribución da contratación por nivel formativo entre os maiores de 54 anos



No que se refire ao peso que supuxo este colectivo na totalidade da contratación e atendendo ao nivel formativo, tivo maior presenza no grupo que tiña o nivel de estudos de ata certificado de escolaridade (8,23%), seguido dos que tiñan titulación ensino obrigatorio (4,11%), mentres que nos que tiñan formación profesional só supuxo o 1,09%.

Participación da contratación dos maiores de 54 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Mobilidade dos contratados maiores de 54 anos




Se nos centramos agora nos datos que reflicte o gráfico anterior, vemos como a mobilidade dos contratados maiores de 54 anos achega un saldo negativo. No colectivo de homes, a diferenza entre os contratados que entraron en Galicia e os que saíron foi de 3,52 puntos, mentres que no caso das mulleres foi de 0,6 puntos.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación dos maiores de 54 anos

CNAE	Descrición	Contratos	Porcentaxe
41	Construción de edificios	2.355	8,46
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	2.097	7,53
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obligatoria	2.011	7,22
56	Servizos de comidas e bebidas	1.979	7,11
43	Actividades de construción especializada	1.669	5,99
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	1.540	5,53
90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1.442	5,18
78	Actividades relacionadas co emprego	1.230	4,42
85	Educación	982	3,53
49	Transporte terrestre e por tubaxe	920	3,30

Dentro das actividades máis importantes na contratación a maiores de 54 anos, obsérvase como un de cada dous contratos se realizou nunha destas actividades, destacando en primeiro lugar as relacionadas coa construción de edificios, que aglutinou o 8,46% da contratación, seguido moi de cerca pola de almacenamento e actividades anexas ao transporte, co 7,53%.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes na contratación dos maiores de 54 anos



As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	% total
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	255	2.890	3.145	11,29
Albaneis e canteiros	2.183	54	2.237	8,03
Compositores, músicos e cantantes	1.443	67	1.510	5,42
Peóns de industrias manufactureiras	841	529	1.370	4,92
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	250	957	1.207	4,33
Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	995	124	1.119	4,02
Camareiros, barmans e asimilados	763	306	1.069	3,84
Condutores de camións	686	10	696	2,50
Fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son	325	241	566	2,03
Asistentes domiciliarios	13	551	564	2,03

Dentro das ocupacións máis contratadas, a maioría dos contratos rexistráronse co grupo primario de persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares (11,29%), seguido do grupo de albaneis e canteiros (8,03%) e dos compositores, músicos e cantantes (5,42%).

Por outra banda, tal como acontecía con outros colectivos, a maioría das ocupacións son de baixa cualificación e, segundo os casos, moi masculinizadas, como a de albaneis e canteiros, ou moi feminizadas, como as de persoal de limpeza de oficinas.

Perfil da contratación¹

Perfil da contratación

Sexo	Home
Nivel académico	Titulación ensino obrigatorio
Tipo de contrato	Temporal
Grupo primario	Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso e outros establecementos similares)

¹ Para elaborar os informes seguintes tívose en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

3.4. TRABALLADORES ESTRANXEIROS


3.4.1.- Datos demográficos

	Poboación total	Estranxeiros	Porcentaxes	Variación
A Coruña	1.145.488	37.997	3,32	4.286
Lugo	355.195	13.597	3,83	2.015
Ourense	335.642	15.558	4,64	1.552
Pontevedra	959.764	39.485	4,11	3.216
GALICIA	2.796.089	106.637	3,81	11.069
ESPAÑA	46.745.807	5.648.671	12,08	379.909

Segundo o Padrón Municipal de Habitantes en 1 de xaneiro de 2009, o número de persoas estranxeiras en Galicia era de 106.637, o que supoñía o 3,81% da poboación total da nosa comunidade. Tal como mostra a táboa anterior, o peso dos estranxeiros en Galicia era sensiblemente inferior ao que tiñan en España (12,08%). Por provincias, se atendemos ás cifras absolutas, destaca Pontevedra con 39.485 estranxeiros, seguida moi de cerca pola Coruña, con 37.997; pero se nos fixamos na porcentaxe que supón este colectivo dentro da poboación total de cada provincia, destaca Ourense, onde os estranxeiros representan o 4,64% da poboación total.


Hai que precisar que o padrón entende por persoas estranxeiras o número de inscritos que non teñen nacionalidade española, incluíndo tanto as persoas con tarxeta ou autorización de residencia como aquelas que non a teñen.

Porcentaxe de poboación estranxeira



Se analizamos a variación interanual, observamos que en Galicia se produciu un aumento da poboación estranxeira, en termos relativos, dun 11,58%, este incremento supuxo máis de 4 puntos por riba da española. Por provincias, foi a de Lugo a que presentou as porcentaxes máis altas, cun aumento dos estranxeiros do 17,40%, mentres que a de Pontevedra foi a que tivo un menor aumento deste colectivo (8,87%).

Variación 2009/08 da poboación estranxeira




Os dez países que achegan maior número de poboación estranxeira a Galicia

	Total	Homes	Mulleres	% sobre o total de poboación estranxeira en Galicia
Portugal	20.471	12.842	7.629	19,20
Brasil	11.892	4.056	7.836	11,15
Colombia	8.791	3.201	5.590	8,24
Romanía	6.463	3.481	2.982	6,06
Marrocos	5.767	3.656	2.111	5,41
Arxentina	4.951	2.242	2.709	4,64
Uruguai	4.282	2.035	2.247	4,02
Venezuela	4.109	1.554	2.555	3,85
Italia	3.553	2.120	1.433	3,33
Nacionalidades asiáticas	3.376	2.070	1.306	3,17


No tocante aos estranxeiros que residen na nosa comunidade, a nacionalidade máis numerosa foi a portuguesa, agrupando o 19,20% do total de estranxeiros; séguelle en importancia, pero a bastante distancia, a brasileira (11,15%), a co-

lombiana (8,24%) e a romanese (6,06%), de maneira que case un de cada dous estranxeiros que residían na nosa comunidade tiña unha destas catro nacionalidades.

Distribución das nacionalidades



PORCENTAXE DE ESTRANXEIROS SOBRE A POBOACIÓN



□□□ 3.4.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

Taxas de actividade, ocupación e paro dos estranxeiros


	Taxa de actividade	Taxa de paro	Taxa de ocupación
Ambos os sexos	72,77	18,89	59,02
Homes	80,79	20,99	63,83
Mulleres	65,57	16,57	54,71

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. IV trimestre 2009

Se analizamos os datos que nos proporciona a EPA referidos ao último trimestre de 2009, vemos que a taxa de actividade para ambos os sexos dos estranxeiros era de 72,77%, cifra que se situaba en case 18 puntos por riba da taxa de actividade para o conxunto da poboación galega. Por sexo, tamén entre os estranxeiros existen diferenzas significativas, posto que a taxa de actividade masculina supera en 15,22 puntos a feminina.

O desemprego afectaba en maior medida a este colectivo que ao conxunto da poboación, de xeito que tiñan unha taxa de paro para ambos os sexos do 18,89%; isto significa que era máis de 6 puntos superior á do conxunto de Galicia. Por sexo, as distancias aínda se incrementan máis; así, a taxa de paro para os homes estranxeiros foi do 20,99%, fronte ao 11,87% da de Galicia, o que supuxo máis de 9 puntos de diferenza. En canto á taxa de paro feminina, aínda sendo alta (16,57%), foi o único colectivo onde temos unha taxa de desemprego feminino menos elevada que a taxa masculina, o que fai que as distancias sexan de algo máis de 2 puntos entre os dous sexos.

No tocante á ocupación, a taxa para ambos os sexos foi do 59,02%, o que supoñía que estaba 11,29 puntos por enriba da media galega. Por xénero, a taxa de ocupación para as mulleres estaba por debaixo da dos homes, 54,71% e 63,83 respectivamente, o que sitúa a ocupación dos homes máis de 9 puntos por enriba da das mulleres.

Taxa de actividade, ocupación e paro do conxunto da poboación e dos estranxeiros. Galicia IV trimestre 2009


3.4.3.- Afiliacións

	Mar	Agrario	Autónomos	Fogar	Xeral
A Coruña	561	300	1.627	2.153	9.354
Lugo	498	606	531	493	3.833
Ourense	0	145	666	435	3.580
Pontevedra	631	250	1.890	1.386	11.248
GALICIA	1.690	1.301	4.714	4.467	28.015

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 30 de xuño de 2009


Das cifras de afiliacións de estranxeiros en alta laboral en 30 de xuño de 2009, observamos como o 70% da totalidade estaban inscritos no réxime xeral, sendo o volume dos demais réximes moi inferior a este; así, o réxime de autónomos e o de fogar mantiñan unha representatividade moi similar sendo do 12% e 11% respectivamente, mentres que o réxime do mar só supoñía o 4% e o agrario o 3%.

Distribución dos afiliados estranxeiros por réxime da Seguridade Social




Se analizamos a porcentaxe que representa este colectivo na totalidade de afiliados da nosa comunidade, vemos que onde máis peso tiñan foi no réxime especial agrario, onde a súa presenza supoñía o 30,03%, seguido polo réxime do fogar, co 21,76%; pola contra, o volume da poboación inmigrante que estaba en alta no réxime xeral e no réxime especial de autónomos era bastante reducido, representando o 3,76% e o 2,06%.

Participación de afiliados estranxeiros segundo réxime sobre o total de Galicia. 30 de xuño 2009



Atendendo á variación interanual, as afiliacións ao réxime especial do mar foron as que máis medraron, un 19,77%, seguido polos réximes de agrario e fogar, que aumentaron un 4,33% e 3,40%, respectivamente. No entanto, o réxime xeral experimentou unha caída do 11,47%, o mesmo que o de autónomos, que perdeu un 4,50% dos seus afiliados.


Variación 2009/08 de afiliados estranxeiros



As dez actividades máis destacadas entre os asalariados estranxeiros (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

CNAE	Descrición	Afiliados	%
56	Servizos de comidas e bebidas	5.436	19,40
41	Construción de edificios	3.511	12,53
43	Actividades de construción especializada	2.703	9,65
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.767	6,31
49	Transporte terrestre e por tubaxe	1.677	5,99
46	Comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas	1.261	4,50
10	Industria da alimentación	858	3,06
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	747	2,67
42	Enxeñaría civil	709	2,53
85	Educación	609	2,17

Na relación das dez actividades que destacaron entre os asalariados estranxeiros, atopábanse en primeiro lugar aquelas relacionadas cos servizos de comidas e bebidas (19,40%), seguida das vinculadas a construción de edificios (12,53%) e as da construción especializada (9,65%), o que supuxo que máis de 40% dos asalariados estranxeiros se concentrase nestas tres actividades.

As dez actividades máis destacadas entre os asalariados estranxeiros (CNAE-09 2 díxitos). Galicia


**As dez actividades máis destacadas entre os autónomos estranxeiros
(CNAE-09 2 díxitos). Galicia**

CNAE	Descrición	Autónomos	Porcentaxe
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.172	24,24
56	Servizos de comidas e bebidas	941	19,47
43	Actividades de construción especializada	428	8,85
46	Comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas	339	7,01
41	Construción de edificios	336	6,95
85	Educación	161	3,33
96	Outros servizos persoais	108	2,23
86	Actividades sanitarias	107	2,21
49	Transporte terrestre e por tubaxe	104	2,15
42	Enxeñaría civil	86	1,78


O 24,24% dos autónomos estranxeiros agrupábanse nas actividades vinculadas ao comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas, seguida das de servizos de comidas e bebidas (19,47%) e das de actividades de construción especializada (8,85%).

3.4.4.- Demandantes parados estranxeiros

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	2.211	1.885	4.096
Lugo	790	627	1.417
Ourense	925	836	1.761
Pontevedra	2.521	2.072	4.593
GALICIA	6.447	5.420	11.867

O número de parados inmigrantes rexistrados en 31 de decembro de 2009 nas oficinas de emprego ascendía a 11.867 persoas, das cales o 54% eran homes e o 46% mulleres, o que converte os inmigrantes nun colectivo onde o paro incide máis nos homes que nas mulleres.


Demandantes parados estranxeiros por sexo



Por provincias, foi a de Pontevedra a que concentrou o maior número de parados (38,70% da totalidade), seguida da Coruña (34,52%); a bastante distancia situábanse as dúas provincias restantes, Ourense e Lugo, co 14,84% e o 11,94%, respectivamente.

No tocante ao que representaba este colectivo de parados en relación coa totalidade de parados da nosa comunidade, situábase no 5,33%.


Participación de parados estranxeiros sobre o total de Galicia




A variación interanual dos parados experimentada polo colectivo de estranxeiros amosa un aumento considerable, moi superior ao doutros colectivos. De feito, o incremento dos desempregados inmigrantes para o conxunto de Galicia foi do 38,13%. Se a análise se fai por provincias, na que máis aumentou o paro foi na de Lugo, co 45,04%, situándose case 7 puntos por riba da seguinte provincia,

Pontevedra, co 38,85%. Pola contra, na que menos medrou o paro foi na de Ourense (34,43), aínda que o dato tampouco foi positivo.

Variación 2009/08 de parados estranxeiros




PESO RELATIVO DOS PARADOS ESTRANXEIROS



Demandantes parados estranxeiros por antigüidade no paro


	Homes	Mulleres	Total
<= 1 mes	1.190	701	1.891
de 1 a 3 meses	1.809	1.425	3.234
de 3 a 6 meses	1.217	965	2.182
de 6 a 12 meses	1.225	1.112	2.337
de 12 a 24 meses	762	781	1.543
máis de 24 meses	244	436	680

O 27% dos parados inmigrantes levaban na procura de emprego de 1 a 3 meses, seguidos dos que levaban de 3 a 6 meses (18%); pola contra, soamente un 6% levaban máis de 24 meses no paro.

Porcentaxe de parados estranxeiros por antigüidade no paro

En canto á porcentaxe que representa este colectivo na totalidade dos parados da nosa comunidade autónoma, segundo o tempo que levaban na procura de emprego, vemos que onde máis presenza tiveron foi naqueles tramos que menos tardaban en atopar un emprego; así, supuxeron o 7,60% do grupo que buscaron emprego de 1 a 3 meses, seguido dos de igual ou inferior a un mes (6,90%), mentres que no tramo de máis de 24 meses foi de tan só o 1,67%.

Participación de parados estranxeiros por antigüidade no paro sobre o total de Galicia



As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados

CNAE	Descrición	Parados	%
00	Sen emprego anterior	2.163	18,23
56	Servizos de comidas e bebidas	1.670	14,07
41	Construción de edificios	1.142	9,62
43	Actividades de construción especializada	1.072	9,03
47	Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	549	4,63
78	Actividades relacionadas co emprego	351	2,96
74	Outras actividades profesionais, científicas técnicas	343	2,89
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	300	2,53
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	279	2,35
55	Servizos de aloxamento	262	2,21
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	239	2,01

No tocante ás actividades que rexistraron máis parados, vemos como o 18,23% non traballaron con anterioridade, o que significa que un número importante de estranxeiros non contaban con experiencia laboral previa. Por outra banda, advertimos tamén como un número escaso de actividades concentran unha cifra importante de demandantes. Deste xeito, aquelas actividades relacionadas cos servizos de comidas e bebidas engloban o 14,07% dos demandantes, seguidas en importancia polas vinculadas á construción de edificios (9,62%) e as actividades de construción especializada (9,03%). O resto das actividades que figuran na táboa anterior, malia seren importantes, rexistraron un número de demandantes sensiblemente menor.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes entre os parados estranxeiros



As dez ocupacións máis demandadas entre os estranxeiros

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	%
PERSONAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	432	2.470	2.902	7,24
CAMAREIRO, EN XERAL	709	1.521	2.230	5,56
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	216	1.650	1.866	4,65
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	1.808	29	1.837	4,58
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	894	607	1.501	3,74
ALBANEL	1.201	25	1.226	3,06
COCÍNEIRO, EN XERAL	259	899	1.158	2,89
MOZO DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN EU/OU MERCADO DE ABASTOS	919	90	1.009	2,52
ASISTENTE DOMICILIARIO	20	886	906	2,26
PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	714	161	875	2,18


Se nos referimos ás dez ocupacións máis demandadas, atopamos en primeiro lugar a de persoal de limpeza ou limpador, en xeral (7,24%); en segundo lugar aparece camareiro, en xeral (5,56%); e no terceiro, dependente de comercio, en xeral (4,65%). Cómpre sinalar que nas tres ocupacións que encabezan a listaxe a maioría dos demandantes son mulleres. Por outra banda, hai que ter en conta que arredor do 40% dos parados estranxeiros concentraban a súa demanda en tan só 10 ocupacións, e que se trata de ocupacións de baixa cualificación que, segundo o caso, poden ser ocupacións masculinizadas ou feminizadas.

□□□ 3.4.5.- Contratación de estranxeiros

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	12.584	7.493	20.077
Lugo	5.794	2.775	8.569
Ourense	3.279	2.000	5.279
Pontevedra	14.746	6.527	21.273
GALICIA	36.403	18.795	55.198

Os contratos realizados a estranxeiros no ano 2009 acadou a cifra de 55.198, dos cales os contratos realizados a homes estranxeiros foron tres veces superiores aos formalizados coas mulleres.


Contratación a estranxeiros por sexo



Se analizamos a contratación por provincias, vemos como o 75% da totalidade da contratación deste colectivo se concentra nas provincias de Pontevedra e da Coruña, aparecendo as outras dúas provincias cunhas cifras sensiblemente menores, especialmente Ourense, que só concentra o 9,56%.


En canto ao peso que supuxo a contratación de estranxeiros en relación coa totalidade da contratación de Galicia, para o ano 2009 foi do 8,08%.

Participación da contratación a estranxeiros sobre o total de Galicia




Se nos centramos na variación interanual, tal como evidencia o gráfico que achegamos, no ano 2009 houbo unha redución importante da contratación deste colectivo, concretamente para Galicia foi de -16,57%. A nivel provincial, Pontevedra foi a que rexistrou o maior descenso na contratación, superando a variación media de Galicia en case 4 puntos (-21,31%); o resto das provincias, aínda que con datos igualmente negativos, estiveron por debaixo da media de Galicia.

Variación 2009/08 da contratación a estranxeiros



PORCENTAXE DE CONTRATOS NA POBOACIÓN ESTRANXEIRA




Número de contratos segundo nacionalidades

Homes	Mulleres	Total	Porcentaxe	%
Portugal	10.450	2.706	13.156	23,83
Colombia	2.076	2.691	4.767	8,64
Romanía	2.423	1.136	3.559	6,45
Brasil	1.399	2.102	3.501	6,34
Perú	2.476	986	3.462	6,27
Marrocos	2.547	485	3.032	5,49
Arxentina	1.062	1.090	2.152	3,90
Uruguai	1.274	719	1.993	3,61
Rep. Dominicana	742	1.040	1.782	3,23
Cuba	1.064	624	1.688	3,06
Italia	1.013	581	1.594	2,89
Venezuela	661	809	1.470	2,66
Ecuador	879	401	1.280	2,32
Senegal	951	63	1.014	1,84

En canto á nacionalidade da contratación, destacan polo seu peso nacionalidades moi concretas: a portuguesa, que concentra o 23,83%, seguida, aínda que en menor proporción, da colombiana, co 8,64%, e da romanese, co 6,45%. Por

outra banda, dependendo da nacionalidade, pode haber unha cifra de contratos similar para homes ou mulleres, como foi o caso de Arxentina, pero tamén ocorre que o número de contratos é moi superior nos homes que nas mulleres, como na contratación con portugueses, ou que pola contra sexan as mulleres as que se contraten, máis como no caso dos brasileiros.

Número de contratos segundo nacionalidades




Contratos a estranxeiros por tipoloxía

	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas/ Formación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	2.310	575	163	165	12.072	4.792	20.077
Lugo	1.722	162	125	73	5.189	1.298	8.569
Ourense	694	132	17	98	3.268	1.070	5.279
Pontevedra	2.838	499	114	119	13.439	4.264	21.273
GALICIA	7.564	1.368	419	455	33.968	11.424	55.198

Máis do 80% da contratación realizada a estranxeiros no ano 2009 foi temporal, aínda que o 61% desta foi a tempo completo, mentres que o 14% foi de carácter


indefinido, o que situou os estranxeiros cunha porcentaxe de contratos indefinidos por enriba doutros colectivos ou mesmo do conxunto da poboación.

Distribución dos contratos a estranxeiros por tipoloxía



Polo que se refire á comparativa entre a contratación a estranxeiros e a contratación á totalidade da poboación, vemos que o maior peso dos estranxeiros se produciu nos contratos indefinidos (14,46%), seguidos pola contratación indefinida a tempo parcial (9,28%); pola contra, a modalidade onde menos participou este colectivo foi na de prácticas/formación, co 4,52%.

Participación da contratación a estranxeiros por tipoloxía sobre o total de Galicia



Índice de rotación


	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	36.403	21.918	1,66
Mulleres	18.795	10.826	1,74
Total	55.198	32.744	1,69

No ano 2009 o índice de rotación dos estranxeiros foi de 1,69%, o que o situou por debaixo do índice doutros colectivos e tamén do conxunto da poboación. Por xénero, as mulleres tiveron máis rotación que os homes, 1,74% e 1,66%, respectivamente. Podemos concluír que, en canto á rotación, os estranxeiros achegaron datos máis positivos que outros colectivos.

Contratos a estranxeiros segundo idade


	Total	%
16 a 29	20.425	37,00
30 a 44	27.086	49,07
45 a 54	6.526	11,82
55 e máis	1.161	2,10
Total	55.198	100,00

O 49,07% da contratación a estranxeiros rexistrouse con persoas que tiñan entre 30 e 44 anos, seguidos dos que tiñan entre 16 e 29 anos, que supuxeron o 37%, de maneira que 3 de cada 4 estranxeiros contratados tiñan entre 16 e 44 anos. No entanto, os estranxeiros de 55 anos en diante só supuxeron o 2,10% da contratación.

Distribución da contratación por idade

No que se refire á porcentaxe que supuxo este colectivo no conxunto da poboación, por tramos de idade, cómpre dicir que foi no grupo de 30 a 44 onde tiveron maior peso (9,87%), seguido do tramo de 45 a 54, co 7,28%. Pola contra, onde tiveron menos peso os estranxeiros foi no tramo de idade de 55 anos en diante.

Participación da contratación a estranxeiros segundo a idade sobre o total de Galicia



As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación a estranxeiros

CNAE	Descrición	Homes	Mulleres	Total	%
56	Servizos de comidas e bebidas	3.959	6.737	10.696	19,38
41	Construción de edificios	5.807	93	5.900	10,69
43	Actividades de construción especializada	4.600	120	4.720	8,55
78	Actividades relacionadas co emprego	2.511	1.336	3.847	6,97
03	Pesca e acuicultura	2.812	31	2.843	5,15
47	Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	976	1.473	2.449	4,44
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	617	1.254	1.871	3,39
49	Transporte terrestre e por tubaxe	1.732	111	1.843	3,34
55	Servizos de aloxamento	535	1.306	1.841	3,34
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.089	431	1.520	2,75

As actividades de servizos de comidas e bebidas concentraron o 19,38% da contratación realizada a estranxeiros no ano 2009. Séguenlle en importancia, aínda que xa a certa distancia, as actividades relacionadas coa construción de edificios, co 10,69%, e as de construción especializada, co 8,55%, de maneira que estas tres actividades acaparan máis do 38% da contratación deste colectivo.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes na contratación a estranxeiros



As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	%
Camareiros, barmans e asimilados	3.297	5.191	8.488	15,38
Albaneis e canteiros	3.891	52	3.943	7,14
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	683	3.118	3.801	6,89
Peóns de industrias manufactureiras	2.930	762	3.692	6,69
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	957	1.841	2.798	5,07
Peóns do transporte e descargadores	2.458	306	2.764	5,01
Pescador por conta allea de altura	2.293	16	2.309	4,18
Traballadores en formigón armado, enfuscadors, ferrallistas e asimilados	2.220	19	2.239	4,06
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	630	1.577	2.207	4,00
Condutores de camiós	1.581	62	1.643	2,98

As ocupacións con maior volume de contratación foron as englobadas no grupo primario de camareiros, barmans e asimilados (15,38%), seguido de albaneis e

canteiros (7,14%) e do persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares (6,89%).

Tamén neste colectivo as ocupacións máis contratadas requiren de baixa cualificación, tratándose, na maioría dos casos, de ocupacións masculinizadas, como os albaneis e canteiros, ou feminizadas, como as relacionadas co persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares.

Perfil da contratación¹

Perfil da contratación

Sexo	Home
Tipo de contrato	Temporal
Idade	De 30 a 44
Grupo primario	Camareiros, barmans e asimilados

¹ Para elaborar os informes seguintes tiveronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

4.- CONCLUSIONES

Demografía

A poboación de Galicia, segundo o Padrón Municipal de Habitantes en 1 de xaneiro de 2009, era de 2.796.086 persoas, das cales 1.349.603 eran homes e 1.446.486 eran mulleres.

A poboación estranxeira acadaba a cifra de 106.637 persoas, representando o 3,81% da poboación total de Galicia.

Respecto ao ano anterior, a poboación medrou o 0,42%; este crecemento tan reducido, similar ao acontecido no ano 2008, indícanos que a poboación de Galicia está practicamente estancada.

Por xénero, ata aproximadamente os 40 anos, a proporción de homes era lixeiramente superior á das mulleres; a partir de aquí a proporción de mulleres aumenta en relación directa coa idade, chegando estas a duplicar as cifras de homes nos tramos de idades máis avanzadas.

Por último, e atendendo ás cifras absolutas por idades, cómpre dicir que nacen poucos nenos e que o volume de persoas anciás é considerable, o que significa que Galicia sofre un índice de envellecemento moito máis acusado que o conxunto do Estado.

Perfil sociodemográfico

□ □ **A taxa de actividade** (que é o cociente entre o número total de activos e a poboación total) para Galicia foise reducindo en -0,96 puntos ao longo do ano, situándose no último trimestre de 2009 en 54,79. No Estado a taxa de actividade experimenta un proceso similar ao de Galicia: descende lixeiramente ao longo dos catro trimestres do ano. No entanto, a taxa española segue a ser superior á galega en algo máis de 5 puntos, situándose cara ao final de ano no 59,76%.

□ □ No tocante **á taxa de emprego** (que é o cociente entre o número de ocupados e a poboación de 16 e máis anos) da nosa comunidade, tamén diminuíu en algo máis de 1 punto desde o primeiro trimestre, aínda que, se a comparamos co ano 2008, a redución é máis notable, quedando o último trimestre de 2009 en 47,73%. A nivel estatal, esta taxa tamén se reduciu practicamente na mesma medida que a galega, malia seguir sendo superior en case 1 punto.

□ □ **A taxa de paro** (que é o cociente entre o número de parados e o número de activos) subiu ao longo dos catro trimestres do ano arredor de 4 puntos, pechando o ano cunha taxa de 12,88%. En España, a finais de 2009 chama a atención que a taxa de desemprego estaba 18,83%, situándose en 6 puntos por riba da taxa galega. Tamén aquí o paro medrou de maneira constante (agás no terceiro trimestre), aínda que as su-

bidas máis notables do paro foron con respecto ao ano 2008, sobre todo se se compara co primeiro trimestre deste ano.

Se as taxas anteriores as analizamos por sexo, o comportamento das taxas femininas ou masculinas foi semellante ao da poboación total; así, no que á **taxa de actividade** se refire, tanto no caso dos homes como no das mulleres, houbo unha redución de arredor do 0,90%. Debido a isto, non se produciu ningún cambio respecto ao reducido peso que teñen as mulleres en relación cos homes, 62,14% e 48,07% respectivamente, o que supón unha diferenza de 14,07 puntos a favor dos homes. No Estado a taxa de actividade masculina era 16,44 puntos superior á feminina, o que as situaba no 68,14% e 51,7%, respectivamente.

A **taxa de emprego** rexistra un proceso semellante ao exposto no parágrafo anterior; tanto no caso dos homes como no das mulleres, esta taxa sufriu unha redución de arredor de 1 punto para ambos os colectivos, quedando no último trimestre no 54,76% para o colectivo masculino e para o feminino en 41,3%, rexistrando unha diferenza de 13,46 puntos. A nivel estatal, as cifras son moi semellantes as galegas, o que nos indica que se foron reducindo as distancias existentes en anos anteriores.

Polo que respecta á **taxa de paro** das mulleres, no último trimestre de 2009 foi do 14,07% e a dos homes do 11,07%, sendo a diferenza de 3 puntos, o que permitiu reducir distancias. No Estado, aínda que as cifras son bastante superiores ás galegas, 18,64% para os homes e 19,07% para as mulleres, a diferenza entre os dous sexos nin sequera chega a medio punto.

En resumo, dos datos proporcionados pola EPA para o ano 2009, onde as taxas de actividade e emprego diminuíron e as do paro aumentaron, tanto en Galicia como en España, deducimos que a caída do emprego, que comezara no ano 2008, continuou ao longo de todo 2009, e todo apunta a que o panorama laboral non vai mellorar, polo menos de momento.

Tecido produtivo

En canto ao tecido produtivo, as provincias da Coruña e Pontevedra seguen a ser as de maior peso de Galicia, xa que entre as dúas acaparaban arredor do 70% das empresas, traballadores e autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas cifras revelan que o nivel de actividade é moi superior nas provincias atlánticas.

No tocante á evolución do noso tecido produtivo, cos datos reflectidos na Tesouraría da Seguridade Social, vemos como ata o ano 2007 o número de empresas, de autónomos e de traballadores non deixou de medrar, pero a partir do ano 2008 invértese a tendencia e o tecido produtivo da nosa comunidade non deixa de caer, de forma especialmente acusada no ano 2009, o que nos confirma a recesión que estamos a vivir, onde todo semella que esta caída do tecido produtivo non só afecta ao peche de empresas, senón tamén a que non se crean novas empresas.

Mención á parte merecen os autónomos, porque foron os únicos que no ano 2008 experimentaron un notable aumento, superando en moito o dos anos anteriores, especialmente na provincia de Lugo, aínda que no ano 2009 non se libran da caída. Cómpre precisar que na explicación do aumento do número de autónomos no ano 2008 influíu o feito de que, a partir de xaneiro de 2008, desapareceu o réxime especial agrario por conta propia e os seus afiliados integráronse no réxime especial de autónomos.

O sector económico preponderante en canto ao número de empresas, traballadores e autónomos é o de servizos. Hai que ter en conta que este sector engloba innumerable cantidade de diversos servizos que van desde a limpeza, os servizos xurídicos, os técnicos, de vixilancia, ata asesorías de contabilidade, etc. Aínda así, non deixou de rexistrar unha mingua tanto no volume de empresas como de traballadores e de autónomos.

No resto dos sectores tamén se rexistrou unha diminución ao longo do ano 2009. Pero a construción mantense, un ano máis, como o sector máis castigado pola crise económica, aínda que a un ritmo menor que no ano 2008.

En calquera caso, todo indica que aínda estamos lonxe xa non da creación de emprego dos anos precedentes, senón nin tan sequera de evitar a destrución de postos de traballo.

Paro rexistrado

A cifra de parados en 31 de decembro de 2009 rexistrados nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia ascendía a 222.839. O paro subiu respecto ao ano anterior en 32.936 persoas, o que supuxo un aumento do 17,34%. Con estes datos enlazamos dous anos de subida ininterrompida, o que nos sitúa nun escenario moito máis complicado que o dos anos precedentes e na fase máis dura da recesión.

No tocante ao xénero, das cifras do paro rexistrado deducimos que as mulleres paradas superan en máis de 7 puntos os homes; poren, un dos efectos da recesión foi que os homes saísen peor parados que as mulleres, o cal non significa que o paro non aumentase entre as mulleres, senón que o fixo, pero a menor ritmo que o desemprego masculino, o que posibilitou que se acurtasen as diferenzas entre os dous xéneros.

A Coruña e Pontevedra son as provincias que presentaron maior volume de parados, arredor do 80% da totalidade dos desempregados de Galicia, o que reflicte a importancia destas dúas provincias no conxunto da comunidade autónoma.

En canto á evolución do paro, os datos son inequívocos: encadeamos dous anos de subida, o que nos permite afirmar a debilidade do noso mercado laboral fronte aos efectos da recesión. Aínda así, hai que precisar que o aumento do ano 2009 foi inferior ao de 2008.

Se atendemos á evolución mensual do paro ao longo de 2009, observamos como o paro aumentou de xaneiro a marzo e descendeu de abril a xullo, pero esta caída non compensou nin a subida dos primeiros meses do ano nin a que se rexistrou de agosto a decembro, o que nos revela, un ano máis, a repetida estacionalidade no emprego.

No que se refire aos parados por idade e xénero, seguen a ser os mozos de entre 26 e 35 anos os que sofren as porcentaxes máis elevadas de paro. Por xénero, o desemprego afecta igualmente ao mesmo grupo de idade cunha proporción moi similar, arredor do 28%.

No que atinxe á evolución anual dos parados, aínda que o paro aumentou nos dous últimos anos en todos os grupos de idade, tivo maior incidencia nos máis novos. Con todo, a caída do emprego en 2009 fíxoo a un ritmo máis lento que en 2008.

As causas destas cifras de paro tan elevadas e tan persistentes, fundamentalmente nos mozos, poden deberse a que unha porcentaxe importante da poboación traballa na hostalaría, actividade onde a estacionalidade é verdadeiramente importante e, por outra banda, á caída da construción, sector clave na creación de emprego nos últimos anos.

Se nos centramos no nivel formativo dos demandantes parados, observamos, unha vez máis, como en torno ao 70% dos parados galegos tiñan un nivel de estudos baixos, o que sen ningunha dúbida dificulta as súas posibilidades de atopar un emprego, sobre todo na actual conxuntura económica, onde os niveis de desemprego son moi superiores aos da última década, o número de postos de traballos ofertados escasean e, pola contra, o de candidatos multiplícase, o que leva consigo un aumento dos niveis de exigencia dos traballadores, e onde, a maior formación, máis posibilidades haberá de abandonar as listas do paro.

Atendendo aos parados rexistrados segundo a antigüidade na demanda, podemos confirmar que a maioría dos parados galegos levaban buscando emprego de 1 a 3 meses. No entanto, o colectivo que máis se incrementou foi o dos que tiñan unha antigüidade no paro de 12 a 24 meses (61,29%), o que nos indica que a medida que nos introducimos na crise o período de permanencia no paro se vai prolongando.

As mulleres son as que saen máis prexudicadas; hai máis mulleres buscando emprego que homes, sobre todo entre aqueles que levan máis tempo á procura dun emprego; así, no colectivo que levaba buscando emprego máis de 24 meses o paro feminino duplicaba o masculino.

Respecto aos parados rexistrados por actividade económica de procedencia, algo máis da metade dos demandantes procedían do sector servizos; en segundo lugar está a construción, co 16,24%, situándose por primeira vez, en canto ao número de parados, por diante da industria (15,72%), o que nos indica que malia que o paro medrou en todos os sectores, foi o sector da construción o que sufriu a maior destrución de emprego desde o inicio da crise. Aínda así, é preciso sinalar que o ano 2009 se mostrou

menos negativo, xa que a caída deste sector foi do 33,36% respecto ao ano anterior, fronte ao 60,34% do ano 2008.

O paro feminino duplica o masculino no sector servizos, debido a que a muller desempeña un papel fundamental neste sector, mentres que na construción, un sector que se nutre basicamente de emprego masculino, e onde a muller apenas participa, a gran maioría dos desempregados son homes.

No que respecta aos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, tal e como aconteceu xa no ano 2008, foi o grupo de traballadores non cualificados o que aglutinou o 22,26% dos desempregados, cifra semellante á que presentou o grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios, o que se traduce en que un de cada dous demandantes parados da nosa comunidade se atopaba nun destes dous grupos.

Os datos das ocupacións máis demandadas polos parados deixan ver que a maioría dos parados galegos estaban encadrados na epígrafe de dependentes de comercio, en xeral, co 8,59%, seguido do persoal de limpeza ou limpador, en xeral (6,32%); o terceiro grupo máis numeroso foi o de empregado administrativo, en xeral (5,67%).

Cabe dicir que a maioría dos desempregados desta listaxe son mulleres, a excepción daquelas ocupacións relacionadas directamente coa construción, feito que nos revela que se trata de ocupacións moi masculinizadas ou feminizadas, segundo o caso. Por outra banda, todo apunta a que se trata de ocupacións onde a precariedade fronte á estabilidade é a norma, e que son actividades cun baixo nivel de cualificación.

En resumo, o comportamento do paro durante o ano 2009 foi semellante ao do ano anterior. Non existiron diferenzas importantes; con todo, e a pesar de que o paro aumentou ao longo de todo o período, as cifras ofrecen un perfil menos negativo que as do ano 2008. Aínda así, a crise económica tamén se deixou sentir, e de maneira especial, no aumento do desemprego, e de momento todo apunta a que a situación non vai mellorar; quizais haxa un breve respiro nos meses de verán, onde o paro diminúe, pero iso non permite grandes avances, o que converte o desemprego nun dos problemas máis graves que ten a nosa sociedade. Ata tal punto é así, que deixa pouca marxe para o optimismo, cando menos polo de agora.

Contratos

No ano 2009 realizáronse en Galicia 683.131 contratos, o que representou o 4,87% da contratación do Estado.

Este número de contratos supuxo 111.039 contratos menos que o ano anterior. Neste senso, a perspectiva da contratación hai que enmarcala

nun momento onde xa non se pode falar de recesión, senón de afundimento do mercado laboral.

A finais de 2007 remataba a bonanza económica da que gozamos nos anos precedentes, iniciándose un novo período de recesión. Deste xeito, se nos poñemos a analizar a tendencia dos dous últimos anos, vemos como o paro non deixou de medrar e a Seguridade Social de perder afiliados, o que nos está indicando que estamos na fase máis dura da crise.

Tal como acaecía nos anos anteriores, A Coruña e Pontevedra concentraron máis do 81% do total de contratos que se rexistraron en Galicia; esta disparidade coas outras dúas provincias tamén acontecía na distribución de empresas e nas cifras do paro, o que nos constata as diferenzas que existen entre os distintos territorios que conforman a nosa comunidade.

No que atinxe á contratación por sexo, hai unha maior presenza do colectivo masculino nas cifras da contratación, o que nos mostra que o feito de ser muller reduce as posibilidades de emprego.

Porén, aínda que non se eliminaron, si que se acurtaron as distancias entre ambos os dous sexos. As razóns hai que buscalas en que ata o ano 2007 a contratación feminina medraba a maior ritmo que a masculina. Pero a partir de 2008 esta proporción entre os dous sexos tende a equilibrarse, non polo aumento da contratación a mulleres, senón pola caída da contratación ou de ocupacións en sectores clave para o emprego masculino, como a construción. E iso a pesar de que a crise obrigou a que algunhas mulleres que non participaban no mercado de traballo tivesen que incorporarse a el para compensar a perda de ingresos ante o feito de que en moitos casos os membros ocupados da súa familia perderan o seu traballo.

Se cinguimos a análise aos datos da contratación por idades, vemos como máis do 50% da contratación foi formalizada con menores de 36 anos. Pola contra, a medida que avanzamos na idade do traballador, a contratación tende a diminuír. Se temos en conta que o colectivo de mozos foi o que sufriu as taxas de paro máis altas, esa porcentaxe pode indicar que son os mozos os que soportan máis temporalidade, así como un índice de rotación máis elevado.

Máis do 60% da contratación rexistrada na nosa comunidade autónoma ao longo de 2009 realizouse con persoas de ensino obrigatorio ou inferior, o que evidenciou, un ano máis, que a maioría dos empregos creados nos anos anteriores eran de baixa cualificación, especialmente polo impulso da construción, pero tamén polo turismo, comercio, etc.

Por outra banda, tamén se dá o caso contrario, e é que a actual circunstancia de crise que estamos a vivir provoca que moitos parados sobradamente preparados acepten calquera emprego por debaixo da súa cualificación e con salarios moi baixos, o que nos coloca nunha situación de sobrecualificación.

Por outra parte, a actual conxuntura económica que estamos a vivir non fai senón agravar eses “defectos” do noso mercado laboral.

En calquera caso, parece evidente que, a máis formación, menos paro, polo que os poderes públicos deberán seguir incidindo e investindo en formación, e, tal como apuntan algúns expertos, dado que no noso país hai un exceso de universitarios, o máis conveniente sería potenciar a formación profesional.

Por sexo, no colectivo das mulleres, a medida que aumenta o seu nivel formativo, as porcentaxes de contratación medran respecto ás dos homes; deste xeito, as tituladas universitarias duplican en número de contratos o colectivo masculino.

Cómpre sinalar que a temporalidade segue a predominar no panorama do noso mercado de traballo; de feito, a información proporcionada polo Servizo Público de Emprego de Galicia pon de manifesto que durante o ano 2009 houbo menos contratos que no ano anterior, pero os que tiveron un maior descenso, en termos relativos, foron os indefinidos, rexistrándose 18.786 contratos menos que no ano 2008, o que supuxo o 26,43%. De maneira que o contrato temporal, novamente, segue a ser a modalidade máis utilizada non só en Galicia, senón tamén no resto do Estado; e iso a pesar das medidas para fomentar a contratación indefinida tomadas nos anos precedentes.

Así pois, dado que a gran maioría da contratación tivo carácter temporal, o obxectivo debe seguir sendo acadar un emprego máis estable e de mellor calidade co fin de evitar as consecuencias negativas (precariedade, subemprego, desmotivación, incerteza, menos investimento en formación por parte do empregador...), de sobra coñecidas, que a temporalidade trae consigo.

Neste senso, débense seguir propiciando avances de cara a corrixir as deficiencias do noso mercado laboral, centrándonos naqueles aspectos vinculados a frear a destrución de emprego, reducir a temporalidade e aproveitar o capital humano (experiencia e formación dos traballadores).

Arredor dunha cuarta parte da contratación está formada por contratos a tempo parcial; indefinidos (2,16%) e temporais (24,56%).

Este tipo de contrato incidiu nos mozos, porque lles permitía compatibilizar traballo e estudos, conseguindo así mellorar o seu nivel educativo e adquirindo experiencia laboral. Pero onde máis recae foi no colectivo feminino, e malia que inicialmente pode parecer unha fórmula idónea para aquelas mulleres que queiran conciliar un emprego coas súas responsabilidades do fogar, especialmente no momento actual, onde o empeoramento da actividade económica levou a que numerosos fogares contasen con membros inactivos, o certo é que na maioría dos casos se trata de contratos tan flexibles que ocasionan un emprego precario e en moitos casos marxinais, posto que carecen das proteccións sociais adecuadas. Estas razóns atópanse na pouca relevancia que ten este tipo de contrato

en Galicia, así como no resto do Estado, mentres que, pola contra, nos países veciños da Unión Europea si se está a adoptar cun certo éxito.

Non obstante, todo apunta a que este contrato vai tomar máis protagonismo cara ao futuro; deste xeito, empezan a aparecer propostas reivindicando para o noso mercado laboral o modelo alemán coñecido como *kurzarbeit*. Este modelo consiste en que aquelas empresas que teñan problemas, en lugar de reducir o seu número de traballadores, a través deste tipo de contrato, poden manter a totalidade do persoal reducindo horas e salario e complementando esta redución polo Estado cunha prestación a tempo parcial.

En canto á contratación por sectores, os datos mostran a preeminencia do sector servizos sobre os outros, englobando o 77,75% dos contratos realizados en Galicia. É preciso aclarar que baixo a epígrafe de "servizos" se engloban innumerables actividades, algunhas delas moi destacadas no noso tecido empresarial, como o turismo (puntal da nosa economía polos numerosos postos de traballo que crea na temporada estival), comercio, limpeza, servizos xurídicos, técnicos de vixilancia, atención ás persoas en situación de dependencia, etc.

A continuación sitúase o sector da construción, aínda que a moita distancia, co 10,06%, seguido moi de cerca pola industria, co 9,08%. O sector primario, novamente, segue a ter un papel testemuñal na nosa economía, representando só o 3,12% da contratación total.

Por sexo, destaca o predominio do colectivo feminino no sector servizos, mentres que nos outros sectores existe unha maior presenza masculina, especialmente na construción, onde o papel da muller non deixa de ser marxinal.

No tocante á evolución anual dos contratos, destruíronse empregos en todos os sectores económicos; o sector servizos foi o que rexistrou a maior perda en termos absolutos, 80.354 contratos menos que no ano anterior, pero en termos relativos foron os sectores da industria e a da construción os que saíron máis prexudicados, cunha redución do 19,65% e 15,83%, respectivamente.

No caso concreto da construción, a caída da contratación deste ano, sumada á dos dous últimos anos, fai que se estea a falar do afundimento da construción, e provoca tamén que desde os organismos correspondentes se estean barallando distintas medidas paliativas co fin de frear a caída deste sector, no cal os principais afectados son os homes. Entre estas medidas, sirva a modo de exemplo o apoio á obra pública ou a potenciación da rehabilitación de vivendas xa existentes en lugar de centrarnos na construción.

Tampouco o sector servizos se librou da perda de empregos, e fíxoo a un ritmo máis rápido que ao longo de 2008, sendo neste caso as principais afectadas as mulleres, o que lamentablemente tamén contribuíu a igualar os dous xéneros en canto ao número de parados.

Tamén neste sector se están a deseñar medidas e fórmulas por parte da Administración que impulsen a creación de emprego, especialmente naqueles ámbitos que están relacionados coa dependencia e coa integración social.

O sector primario, que nos últimos anos presentou un balance negativo, no ano 2008 foi o único que tivo un comportamento positivo, aumentando un 12,03% a súa contratación, e semellaba que se estaba recuperando, debido a que os desempregados dos outros sectores podían intentar atopar emprego na agricultura ou na pesca; porén, en 2009 tamén sofre unha importante caída (-10,97%).

Do total de contratos realizados por gran grupo de ocupación, a metade dos contratos formalizados rexistráronse cos grupos de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios, e con traballadores non cualificados. Nestas dúas epígrafes a maioría das ocupacións son de baixa cualificación, cun elevado nivel de precariedade e con salarios moi baixos.

En canto ás 10 ocupacións máis contratadas, chama a atención que arredor do 50% da contratación da Comunidade Autónoma de Galicia se concentrase nestas 10 ocupacións.

Son ocupacións que contan cunha certa estabilidade, xa que son practicamente as mesmas que as dos anos precedentes.

Trátase de ocupacións que responden a un perfil de baixa ou ningunha cualificación e que nalgúns casos nin sequera requiren formación específica.

Mostran un elevado índice de temporalidade e precariedade e adoitan estar mal remuneradas e, en moitos casos, son ocupacións fortemente masculinizadas, caso dos albaneis e canteiros, ou, pola contra, feminizadas, como a de dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados.

Para concluír, a crise deixouse sentir no noso mercado laboral ao longo de 2009. O número de desempregados aumentou, ao mesmo tempo que caía a cifra de afiliados á Seguridade Social e tamén o de contratos, o que converteu este ano nun dos máis difíciles pola deterioración constante do emprego, situándonos nun panorama laboral cando menos sombrío, polo que é preciso incidir en fomentar iniciativas que, en primeiro lugar, freen o paro e, seguidamente, xeren emprego que se consolide e que sexa de mellor calidade.

Formación

En Galicia, durante o ano 2009 impartíronse 1.332 cursos dirixidos a traballadores desempregados. O total de alumnado que participou nestes cursos foi de 22.977.

No que se refire á distribución de cursos por familias, o elemento salientable é que hai preferencias dunhas familias sobre outras; porén, non sempre se acada a inserción desexada no mercado de traballo. Destaca a familia de informática e comunicacións, que concentrou o 17,87% da totalidade dos cursos, seguida por administración e xestión (15,84%) e por servizos socioculturais e á comunidade (10,89%). Estas tres familias case engloban a metade dos cursos que se imparten na nosa comunidade. Pola contra, existen familias onde apenas se impartiron cursos.

Esta excesiva concentración de cursos en determinadas familias, ou a carencia de formación noutras, pódese deber a que precisamente son estas especialidades as máis demandadas polos traballadores desempregados. Pero, en calquera caso, o feito é que moitas veces provoca tal desequilibrio que impide que a formación non sempre facilite o acceso ao emprego.

Para evitar estes desequilibrios, sería necesario identificar as necesidades de formación do sistema produtivo e, en función disto, adaptar as accións formativas a cubrir estas necesidades, o que posibilitaría acadar máis inserción no mercado de traballo.

Aprécianse diferenzas de xénero segundo a familia; na de transporte e mantemento de vehículos e edificación e obra civil a maioría de alumnos foron homes, mentres que as mulleres foron maioría en familias como servizos socioculturais e á comunidade ou en administración e xestión.

Por idade, o 36% dos cursos impartíronse con desempregados de entre 26 e 35 anos, sendo este mesmo grupo de idade o que representou o maior número de parados.

O último aspecto que cómpre destacar é que non todas as provincias participaron por igual na impartición de cursos; así, as provincias da Coruña e Pontevedra concentraron máis do 62% da totalidade da oferta formativa programada no ano 2009 na nosa comunidade. Por outra banda, non todas as familias estiveron representadas nas catro provincias nin tampouco na mesma proporción, pois dependendo da provincia priorizáronse unhas familias sobre outras.



XACOBEO 2010
Galicia

<http://emprego.xunta.es/cualificacions>



XUNTA
DE GALICIA